

**PROGRAMACIÓN**

**DO DEPARTAMENTO**

**DE MÚSICA**

**XEFE DE DEPARTAMENTO:**  
**DANIEL A. IGLESIAS LOSADA**

## 2º ESO

| I.E.S. ALLARIZ            |                                  |                           |                          |
|---------------------------|----------------------------------|---------------------------|--------------------------|
| <b>CURSO</b>              | <b>2º E.S.O.</b>                 | <b>CÓD</b>                | <b>S120000</b>           |
| <b>ASIGNATURA</b>         | <b>MÚSICA 2º ESO</b>             |                           |                          |
| <b>PROFESOR/A (ES/AS)</b> | <b>DANIEL A. IGLESIAS LOSADA</b> |                           |                          |
| <b>LIBRO DE TEXTO</b>     | <i>Título</i>                    | <b>SEN LIBRO DE TEXTO</b> |                          |
|                           | <i>Autor</i>                     |                           |                          |
|                           | <i>Editorial</i>                 |                           | <b>ISBN</b>              |
|                           | <i>Data Autoriz.</i>             |                           | <b>Galego x Castelán</b> |

### MÚSICA 2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1. **Obxectivos xerais de Educación Secundaria.**
2. **Obxectivos da área de Música.**
3. **Descritores.**
4. **Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.**
5. **Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliáveis.**
6. **Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.**
7. **Actividades complementarias.**
8. **Evidencias para o portfolio.**
9. **Criterios de cualificación e promoción.**
10. **Recursos didácticos.**
11. **Medidas de atención á diversidade e inclusión.**
12. **Avaliación da programación didáctica.**

## 1. OBXETIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## 2. OBTIVOS XERAIS DA AREA DE MÚSICA

1. Desenvolver a audición musical a través do recoñecemento dos parámetros do son e os elementos básicos de linguaxe musical.
2. Manexar os elementos de representación gráfica da música na lectura e escritura musical.
3. Desenvolver a capacidade de improvisación musical.
4. Dominar nocións básicas de composición e formas de organización musical.
5. Interpretar musicalmente obras sinxelas desenvolvendo as súas capacidades e habilidades musicais e de traballo en grupo.
6. Respetar as creacións musicais propias e alleas.
7. Investigar as posibilidades sonoras de obxectos e as distintas fontes.
8. Discriminar auditivamente os distintos instrumentos, as voces e as súas agrupacións.
9. Descifrar o código musical na lectura de partituras.
10. Valorar o silencio na audición musical.
11. Discernir distintos tipos de música e a súa procedencia cultural.
12. Describir a organización e a estruturación musical dunha obra interpretada en vivo ou gravada.
13. Localizar e interiorizar situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son e propoñer solucións.
14. Relacionar a música con outras disciplinas.
15. Mostrar interese por músicas de diferentes culturas e diversificar as preferencias musicais.
16. Coñecer o patrimonio cultural español e adoptar unha actitude de conservación e transmisión deste.
17. Desenvolver unha actitude crítica e unha capacidade de argumentación e razoamento en cuestións musicais.
18. Valorar a música actual desenvolvendo unha capacidade de análise crítica e interese polos seus elementos creativos e innovadores.
19. Manexar as ferramentas tecnolóxicas na gravación, a reprodución, a creación ou a interpretación musical.
20. Utilizar os recursos informáticos como medios de aprendizaxe e investigación do feito musical.

## 3. DESCRITORES

| COMPETENCIAS CLAVE                                                           | INDICADORES                                     | DESCRITORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i> | Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</li> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>                                      |
|                                                                              | Vida saudable                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.</li> </ul>                                                                                                                                                                                          |
|                                                                              | A ciencia no día a día                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> <li>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.</li> </ul> |
|                                                                              | Manexo de elementos matemáticos                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.</li> </ul>                                                                                  |
|                                                                              | Razoamento lóxico e resolución de problemas     | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</li> <li>- Resolver problemas seleccionando</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |

|                                 |                              |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|---------------------------------|------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                 |                              | <p>os datos e as estratexias apropiadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <i>Comunicación lingüística</i> | Comprensión: oral e escrita  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|                                 | Expresión: oral e escrita    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>                                                                                                                              |
|                                 | Normas de comunicación       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>                                                                                                                                                                                          |
|                                 | Comunicación noutras linguas | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.</li> </ul> |
| <i>Competencia dixital</i>      | Tecnoloxías da información   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>                                                                                                                                                                            |

|                                          |                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|------------------------------------------|----------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                          | Comunicación audiovisual                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                               |
|                                          | Utilización de ferramentas dixitais                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>                                                                                                                                                                     |
| <i>Conciencia e expresións culturais</i> | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica..), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.</li> <li>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul> |
|                                          | Expresión cultural e artística                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>                                                                                                                                   |
| <i>Competencias sociais e cívicas</i>    | Educación cívica e constitucional                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>                                                                                  |
|                                          | Relación cos demais                                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> </ul>                                                                                                                                                                       |

|                                                     |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|-----------------------------------------------------|--------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                     |                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|                                                     | Compromiso social  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>- Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul> |
| <i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i> | Autonomía persoal  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>                                     |
|                                                     | Liderado           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.</li> </ul>                                                                  |
|                                                     | Creatividade       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.</li> </ul>                                                                                                      |
|                                                     | Emprendemento      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>     |
| <i>Aprender a aprender</i>                          | Perfil de aprendiz | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da</li> </ul>                                                                                                                       |



|  |                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--|-------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  |                                           | aprendizaxe.<br>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.                                                                                                                                                                                                                                           |
|  | Ferramentas para estimular o pensamento   | - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...<br>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.                                                                                                                                                |
|  | Planificación e avaliación da aprendizaxe | - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben de realizar no proceso de aprendizaxe.<br>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.<br>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.<br>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |

#### 4. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

##### *Descrición do modelo competencial*

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en indicadores de seguimento (entre dous e cinco por competencia), grandes paires que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan descritores da competencia, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en desempeños competenciais, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo

posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### ***Na área de Música***

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a esta.

#### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

A área de Música contribúe a esta competencia de xeito significativo porque promove condutas e a adquisición de valores responsables para o ben común inmediato no que afecta ao coidado do medio, para conseguir un contorno libre de ruídos e da contaminación acústica e tamén a través da aplicación de métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas na creación e a mellora de instrumentos musicais e as súas formacións ao longo da historia e en todas as culturas do mundo.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

#### *Comunicación lingüística*

A comunicación lingüística na área de Música será o resultado da acción comunicativa dentro das prácticas musicais e pola expresión adecuada das propias ideas en contextos comunicativos de análise, creación e interpretación e no traballo sobre a respiración, dicción, articulación e expresión adecuadas. Ademais, no seu formato non verbal, o individuo desenvolve as súas capacidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outros individuos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

#### *En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### *Competencia dixital*

Contribuirase ao desenvolvemento da competencia dixital, na elaboración de traballos de investigación individuais e/ou en grupo, xa que implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación; accedendo, xestionando e manexando diferentes motores de busca e bases de datos e transformando esta información en coñecemento.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

### *Conciencia e expresións culturais*

A través da área os alumnos e as alumnas accederán ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural e musical coa concreción destas en diferentes autores e obras, así como en distintos xéneros e estilos, desenvolvendo a iniciativa, a imaxinación e a creatividade expresadas a través de códigos artísticos, comprendendo o patrimonio cultural e artístico dos distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean, desenvolvendo a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas. Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións musicais a través do estudo, análise e a interpretación das súas obras características.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

Contribuiremos a esta competencia a través da implicación e a interacción con outras persoas dentro dun grupo, conforme normas baseadas no respecto mutuo en todas as actividades musicais realizadas. Desenvolve o sentido da responsabilidade, mostrando comprensión e respecto aos valores e ideas alleas e a recepción reflexiva e crítica da información sobre as manifestacións e as actividades musicais.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo e para a resolución de conflitos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Propoñeranse aos alumnos actividades que impliquen a capacidade de transformar as ideas en actos polo desenvolvemento de actitudes que leven consigo un cambio de mentalidade, capacidade de pensar de forma creativa, autoconhecimento e autoestima, autonomía ou independencia, interese, esforzo e espírito emprendedor, sentido crítico e da responsabilidade.

Os descritores que adestraremos son:

- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

### *Aprender a aprender*

Contribuiremos á competencia de aprender a aprender, caracterizada pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, onde a motivación e a confianza son cruciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces e a través da ampliación das habilidades de expresión, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a improvisación, tanto individual como colectiva; así como mediante a xeneralización do seu cultivo no tempo de ocio.

Os descritores para esta competencia serán:

- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## **5. SECUENCIACIÓN E CONTIDOS DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES**

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se presentan constitúen unha selección dos propostos para o primeiro ciclo da ESO.

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. O son, os parámetros do son e a súa representación gráfica.
2. Afondamento no coñecemento da linguaxe musical e na súa práctica.
  - O ritmo: pulso, compás, fórmulas rítmicas e tempo.
  - A melodía: organización do discurso melódico, frases e estruturas melódicas, intervalos e escalas, tonalidade e modalidade.
  - A harmonía: consonancia e disonancia, construción de acordes elementais.
  - A textura: horizontalidade e verticalidade; polifonía, monodia, melodía acompañada, homofonía e outros.
  - Procedementos compositivos: repetición, imitación, variación, desenvolvemento, improvisación.
  - Formas: estruturas binarias, ternarias e outras.
3. Lectura e escritura musical como apoio para a interpretación e a creación.
4. A voz, a palabra, os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características e habilidades técnicas e interpretativas.
5. Interpretación dun repertorio de pezas vocais, instrumentais e de danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
6. Interpretación dun repertorio de pezas vocais, instrumentais e de danzas do patrimonio español.
7. A interpretación individual e en grupo: pautas básicas da interpretación.
8. Improvisación vocal, instrumental e corporal: individual e en grupo, libre e dirixida.

### **Bloque 2. escoita**

1. A audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.
2. Utilización de diferentes recursos para a comprensión da música escoitada: corporais, vocais,

- instrumentais, medios audiovisuais e tecnoloxías, textos, partituras, musicogramas e outras representacións gráficas.
3. Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e de distintas agrupacións vocais e instrumentais.
  4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical e identificación destes na audición.
  5. A música en directo: os concertos e outras manifestacións musicais.
  6. A contaminación acústica: detección e prevención.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental e doutras culturas.
2. Manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español.
3. Recoñecemento da pluralidade de estilos na música actual.
4. A presenza da música nas diferentes manifestacións artísticas: danza, teatro, artes plásticas, cine, literatura e outras.

### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Tecnoloxías da Información e a Comunicación e outros dispositivos electrónicos nos procesos de creación, gravación e reprodución e interpretación musical.
2. Coñecemento e comprensión do feito musical a través das novas tecnoloxías.
3. Investigación musical e novas tecnoloxías.
4. Recursos para a conservación e a difusión das creacións musicais. Rexistro das composicións propias, usando distintas formas de notación e diferentes técnicas de gravación.

## **6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicalos a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
  - 1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
  - 1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
  - 1.3. Identifica e transcribe ditados de padróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.
2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol e de fa en cuarta, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

- 2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, clave de sol e de fa en cuarta, duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices, indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
  - 3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
  - 3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
4. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os diferentes tipos de textura.
  - 4.1. Recoñece, comprende e analiza diferentes tipos de textura.
5. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
  - 5.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.
6. Mostrar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
  - 6.1. Mostra interese polo coñecemento e o coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
  - 6.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
  - 6.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
  - 6.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
  - 6.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
7. Demostrar interese polas actividades de composición e improvisación e mostrar respecto polas creacións dos seus compañeiros.
  - 7.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
  - 7.2. Demuestra unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros.
8. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes roles, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuindo ao perfeccionamento da tarefa en común.
  - 8.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
  - 8.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español.
  - 8.3. Mostra apertura e respecto cara ás propostas do profesor e dos compañeiros.
  - 8.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
  - 8.5. Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e mostrando unha actitude aberta e respectuosa.
9. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

- 9.1. Mostra interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre estes.
- 9.2. Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.

## **Bloque 2. escoita**

1. Identificar e describir os diferentes instrumentos, voces e as súas agrupacións.
  - 1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma, e os diferentes tipos de voces.
  - 1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore, e doutras agrupacións musicais.
  - 1.3. Explora e descobre as posibilidades da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia da música.
2. Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
  - 2.1. Le partituras como apoio á audición.
3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
  - 3.1. Valora o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.
  - 4.1. Mostra interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas.
  - 4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas.
5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
  - 5.1. Describe os diferentes elementos das obras musicais propostas.
  - 5.2. Utiliza con autonomía diferentes recursos como apoio á análise musical.
  - 5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.
6. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e proponendo solucións.
  - 6.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
  - 6.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

## **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.
  - 1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con períodos da historia da música e con outras disciplinas.
  - 1.2. Recoñece distintas manifestacións da danza.
  - 1.3. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
  - 2.1. Mostra interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.
  - 2.2. Mostra interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e gozo persoal.
3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural español e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
  - 3.1. Valora a importancia do patrimonio español.
  - 3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español.
  - 3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois.
4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou «falar de música».
  - 4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.
  - 4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.
5. Mostrar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os elementos creativos e innovadores destes.
  - 5.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular etc., e realiza unha revisión crítica das devanditas producións.
  - 5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

#### **Bloque 4. Música e Tecnoloxías**

1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.
  - 1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.
  - 1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, métodos e tecnoloxías.
2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical.
  - 2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

### **7. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS**

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Música:



Os piares fundamentais do ensino da música son a audición e a expresión e, polo tanto, a metodoloxía debe dirixirse a desenvolverlas nas súas distintas manifestacións.

A audición permite o gozo da música, facilita a asimilación dos contidos e desenvolve as capacidades perceptivas para aumentar a capacidade de análise e espertar o interese. Estes tres planos da audición deben potenciarse mutuamente para que os coñecementos técnicos melloren a percepción e o gozo e estes á súa vez melloren a comprensión e o afondamento técnico e analítico.

A expresión engloba a interpretación vocal, instrumental e corporal, a composición e a improvisación.

A interpretación vocal, ao utilizar o instrumento máis inmediato, a voz, permite unha expresión directa e espontánea e máis imbricada na personalidade de cada alumno. É un vehículo idóneo para mellorar a interiorización e a formación auditiva.

A interpretación instrumental é eixe vertebrador arredor do cal se organizan os distintos contidos ao longo de cada curso e durante a etapa. Isto é así porque, ademais de mellorar as destrezas instrumentais, é capaz de interconectar contidos de escoita, creación e improvisación, evolución histórica, de linguaxe musical, lecto-escritura, valores, etc., dando continuidade ás ensinanzas musicais.

A interpretación corporal, baseada nos lazos entre o movemento corporal e o movemento musical, desenvolve o sentido kinestésico a través do cal o movemento corporal se relaciona co movemento sonoro, creando imaxes audiomotrices que constitúen un repertorio de percepcións, que, á súa vez, permitirá enriquecer a musicalidade do alumnado e favorecer a autoconfianza e a superación de inhibicións expresivas.

Todas as actividades de interpretación non só responden ás necesidades expresivas e individuais e como canalizador de emocións, senón tamén ao pracer de participar e facer música en grupo fomentando con iso a autoestima, a autonomía, a responsabilidade e os valores sociais.

A improvisación, ademais de ser un medio de expresión creativa e de reforzo da autoestima e da iniciativa persoal, convértese nun recurso metodolóxico de grande importancia para explorar os elementos da linguaxe musical e corporal e reforzar o pensamento creativo xunto coa composición musical.

A composición, guiada ou libre, é a manifestación última da interiorización dos contidos asimilados correspondentes co nivel. Ademais de servir de canle expresiva e creativa en calquera momento da aprendizaxe, implica reflexión, selección, estruturación, toma de decisións e todo iso dun xeito lóxico e crítico. Tamén é un vehículo ideal para exercitar a lectura e a escritura musical.

Para instruír a selección de estratexias metodolóxicas sería conveniente seguir os principais autores que desenvolveron métodos e sistemas didácticos de educación musical, Orff, Kodály, Dalcroze, Willems, Elizalde, etc., para a mellor aplicación dos contidos na aula.

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman os andamios da materia. Aínda que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e a análise musical, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións formulan. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden a interpretación e a expresión musical grupal, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Música é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

## 8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén reflexionar sobre estas cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

## 9. EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e mostre a evolución deste ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias de evolución do alumno, pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar a ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área de Música poden ser:

- Actividades do libro ou da guía que traballen explicitamente sobre os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos.
- Produtos de aprendizaxe deseñados en tarefas de aplicación nun contexto real
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

## 10. CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación o profesor, departamento, seminario ou equipo docente, decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus alumnos. Para a súa determinación poden apoiarse nunha táboa como a que segue:

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN                          | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|----------------------------------------------------|-----------------------------|
| Ferramentas de avaliación do traballo competencial |                             |
| Probas de avaliación escritas                      |                             |
| Evidencias dos estándares de aprendizaxe           |                             |
|                                                    |                             |
|                                                    |                             |
|                                                    |                             |
| <b>Cualificación total</b>                         |                             |

Ao final do curso:

|                            | PORCENTAXE NA NOTA FINAL |
|----------------------------|--------------------------|
| 1. <sup>a</sup> avaliación |                          |
| 2. <sup>a</sup> avaliación |                          |
| 3. <sup>a</sup> avaliación |                          |
|                            |                          |
| Portfolio de aprendizaxe   |                          |
| <b>Cualificación total</b> |                          |

Así mesmo, cada centro determinará o peso de cada área e competencia de cara á promoción final do alumno.

## 11. RECURSOS DA PROPÓSITA DIDÁCTICA

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- Fruta doce e instrumentos de percusión e de láminas. Instrumental Orff.

## 12. MEDIDAS DA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## 12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

| ASPECTOS PARA AVALIAR                                 | PARA DESTACAR... | PARA MELLORAR... | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|-------------------------------------------------------|------------------|------------------|------------------------------|
| Temporalización das unidades didácticas               |                  |                  |                              |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos             |                  |                  |                              |
| Manexo dos contidos da unidade                        |                  |                  |                              |
| Descritores e desempeños competenciais                |                  |                  |                              |
| Realización de tarefas                                |                  |                  |                              |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas               |                  |                  |                              |
| Recursos                                              |                  |                  |                              |
| Claridade nos criterios de avaliación                 |                  |                  |                              |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación             |                  |                  |                              |
| Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe |                  |                  |                              |
| Atención á diversidade                                |                  |                  |                              |
| Interdisciplinabilidade                               |                  |                  |                              |

# Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: Descritores e Desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*O son do universo*

### Descrición da unidade

Os contidos da unidade teñen por obxecto introducir o alumnado no mundo do son, no contorno onde se desenvolve; que adquiran coñecemento das catro calidades do son: altura, intensidade, timbre e duración. Preténdese que o alumnado teña curiosidade por coñecer a procedencia dos sons, a diferenza entre o son e o silencio, e practiquen cos pulsos e as figuras facilitando así o desenvolvemento da memoria auditiva. Finalmente, complétase a unidade cun apartado para traballar máis en profundidade as figuras musicais.

A secuencia deste estudo realízase en sete dobres páxinas:

- O son e o silencio.
- A música.
- As calidades do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- O pulso.
- Práctica de linguaxe musical.
- Escoita un concerto de Vivaldi.
- Taller de interpretación: *Ás tres*.

A través das actividades propostas na unidade perséguese que os alumnos e as alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Que é o son e as súas diferenzas co silencio?
- Cales son as calidades do son?
- Que é o pulso musical?
- Concepto e recoñecemento de sílabas rítmicas.
- Que é un concerto?

### Temporalización:

Setembro:  Outubro: 

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- escoitar de forma atenta diversas audicións e percibir o silencio e a finalidade deste dentro da audición.
- Comprender as calidades do son e a súa representación gráfica.
- Integrar o pulso dentro do sentido rítmico das audicións.
- Relacionar o concepto de pulso con situacións da vida cotiá.
- Practicar coa fruta as notas: *si, la, sol, mi*.
- Comprender o concepto de concerto e a súa estrutura interna.
- Comprender as características do período artístico do barroco. Coñecer a vida e obra do compositor barroco A. Vivaldi.
- Entoar con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.
- Participar nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.
- Acompañar con sinxelos bordóns nos instrumentos de láminas.
- Seguir o ritmo e a pulsación en cada parte da danza.

- Aplicar correctamente os pasos coreográficos á danza interpretada na unidade.
- Desenvolver habilidades musicais para crear unha melodía baseándose nunha melodía dada.
- Saber gravar sons do contorno identificando as calidades do son.



### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

|                           | Contidos                                                                                                                                                                                                                                                      | Criterios de avaliación                                                                                  | Estándares de aprendizaxe avaliáveis                                                              | CC              |
|---------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| ESCOITA                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O son e o silencio.</li> <li>- Audición: «O fortuna, velut lú», <i>Carmina Burana</i>, de C. Orff.</li> </ul>                                                                                                        | 1. Recoñecer a dimensión cotiá do son e non só no ámbito musical.                                        | 1.1. Coñece o son como fenómeno físico que existe arredor nosa.                                   | CAA, CMCT, CCL  |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                               | 2. Coñecer o valor e a funcionalidade do silencio dentro dunha composición musical.                      | 2.1. Valora a importancia do silencio dentro dunha obra musical.                                  | CAA, CMCT, CCL  |
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- As calidades do son: altura, intensidade, duración e timbre</li> <li>- Conceptos e representacións gráficas.</li> <li>- Audición: <i>Cuarto movemento do concerto grosso en Sol menor</i>, de A. Vivaldi.</li> </ul> | 3. Coñecer as calidades do son.                                                                          | 3.1. Adquire o coñecemento das catro calidades do son.                                            | CAA, CMCT, CCEC |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                               | 4. Discriminar auditivamente familias de instrumentos.                                                   | 4.1. Coñece e percibe auditivamente distintas familias de instrumentos dentro dunha obra musical. | CAA, CMCT, CCEC |
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O pulso na música: a duración do pulso.</li> </ul>                                                                                                                                                                   | 5. Distinguir o pulso de distintos fragmentos musicais.                                                  | 5.1. Distingue os distintos pulsos dun fragmento musical.                                         | CAA, CMCT       |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                               | 6. Comprender a relación entre o tempo e o pulso dentro da composición musical.                          | 6.1. Comprende a importancia de seguir o pulso para coñecer o tempo da obra musical.              | CAA, CMCT       |
| INTERPRETACIÓN E CREACIÓN | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A entoación como recurso expresivo.</li> </ul>                                                                                                                                                                       | 7. Coñecer as posibilidades expresivas da entoación interpretando cancións.                              | 7.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.                             | CSIEE, CSC      |
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acompañamento de pequena percusión.</li> <li>- Fruta e xilófono soprano: <i>Ás tres</i>.</li> <li>- Acompañamento con instrumental Orff: <i>Ás tres</i>.</li> <li>- Acompañamento con bordóns.</li> </ul>            | 8. Interpretar partituras demostrando unhas destrezas básicas de interpretación co instrumento asignado. | 8.1. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.                    | CSIEE, CSC      |

|                    |                                                                                                           |                                                                                                                            |                                                                                       |                   |
|--------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
|                    | - Execución da danza adaptada á composición: <i>California dreamin'</i> .                                 | 9. Participar e aprender os movementos da danza proposta e coñecer a forma musical da canción <i>California dreamin'</i> . | 9.1. Participa da coreografía de <i>California dreamin'</i> e coñece a forma musical. | CSIEE<br>,<br>CAA |
|                    | - Elaboración dunha melodía sobre unha melodía dada.                                                      | 10. Desenvolver habilidades musicais para crear unha melodía baseándose nunha melodía dada.                                | 10.1. Crea unha melodía sobre outra melodía dada.                                     | CSIEE<br>,<br>CCL |
| CONTEXTOS MUSICAIS | - Audición do terceiro movemento do <i>Concerto para óboe e orquestra en La menor</i> , de A. Vivaldi.    | 11. Coñecer a orquestra barroca e os instrumentos que a integran, en especial o óboe.                                      | 11.1. Discrimina auditivamente o óboe e coñece a orquestra barroca.                   | CCEC,<br>CAA      |
|                    | - Vivaldi e o contexto histórico artístico no que desenvolveu a súa obra musical.<br>- O barroco musical. | 12. Ter coñecemento das características máis importantes do barroco.                                                       | 12.1. Coñece as características musicais máis representativas do período barroco.     | CCEC,<br>CAA      |

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos e das alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgúñas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

| Estándares de aprendizaxe avaliábeis                                                              | Selección de evidencias para o portfolio                                                                                                                                                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.1. Coñece o son como fenómeno físico que existe arredor nosa.                                   | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades do LA de comprensión do concepto de son.</li><li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li></ul>                                                                       |
| 2.1. Valora a importancia do silencio dentro dunha obra musical.                                  | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades do LA de comprensión da importancia do silencio dentro dunha obra musical.</li><li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li></ul>                                     |
| 3.1. Adquire o coñecemento das catro calidades do son.                                            | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades de escoita atenta e comprensiva proposto no LA.</li><li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li></ul>                                                                |
| 4.1. Coñece e percibe auditivamente distintas familias de instrumentos dentro dunha obra musical. | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades de escoita atenta e comprensiva proposto no LA.</li><li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li></ul>                                                                |
| 5.1. Distingue os distintos pulsos dun fragmento musical.                                         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades do LA para distinguir os distintos pulsos dun fragmento musical.</li></ul>                                                                                                                                  |
| 6.1. Comprende a importancia de seguir o pulso para coñecer o tempo da obra musical.              | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades do LA para interpretar acompañamentos rítmicos co corpo utilizando sílabas rítmicas.</li><li>- Actividades previas suxeridas na PD para detectar ideas previas acerca do pulso en accións cotiás.</li></ul> |
| 7.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.                             | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades de entoación expresiva das cancións do LA.</li><li>- Exercicios para practicar os recursos expresivos da voz propostos na PD.</li><li>- Actividades de interpretación vocal do LA e RF.</li></ul>           |
| 8.1. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.                    | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actitude activa na escoita e interpretación instrumental das melodías do LA.</li><li>- Actividades de interpretación instrumental do LA e RF.</li></ul>                                                                 |
| 9.1. Participa da coreografía de <i>California dreamin'</i> e coñece a súa forma musical.         | <ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades do LA para desenvolver a expresión corporal. Danza da unidade do</li></ul>                                                                                                                                  |

|                                                                                   |                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                   | <p>LA.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coreografías suxeridas na PD.</li> </ul>                                                                                               |
| 10.1. Creación dunha melodía sobre outra melodía dada.                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do LA para crear melodías.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para crear máis melodías.</li> </ul>                                |
| 11.1. Discrimina auditivamente o óboe e coñece a orquestra barroca.               | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Audicións activas do LA.</li> <li>- Actividades previas suxeridas na PD para ampliar contidos relativos ao óboe e a orquestra barroca.</li> </ul> |
| 12.1. Coñece as características musicais máis representativas do período barroco. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Audicións activas do LA.</li> <li>- Actividades previas suxeridas na PD para ampliar contidos relativos ao período barroco.</li> </ul>            |
| 13.1. Grava sons do contorno con tecnoloxía móbil e identifica calidades do son.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades previas suxeridas na PD para ampliar contidos sobre aplicacións de móbil que posibiliten a gravación de sons.</li> </ul>              |

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia                                                                   | Descriptor                                                                                                                            | Desempeño                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Comunicación lingüística.</i>                                              | Segue as explicacións e instrucións orais para realizar as tarefas.                                                                   | Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda externa do profesorado.                                             |
|                                                                               | Comprender o sentido dos textos orais e escritos.                                                                                     | Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.                  |
|                                                                               | Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.                          | Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.                                     |
| <i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i> | Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.                                                                                 | Escoita con actitude atenta e respectuosa os sons do ámbito.                                                                   |
| <i>Competencia dixital.</i>                                                   | Adquirir a competencia dixital para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.                                                    | Utiliza os reprodutores de audio, o encerado dixital e Internet, para facilitar o acceso á ampliación dos contidos da unidade. |
|                                                                               | Empregar distintas fontes para a busca de información.                                                                                | Busca información en dicionarios, enciclopedias e diferentes páxinas de Internet para afondar e ampliar coñecementos.          |
| <i>Aprender a aprender.</i>                                                   | Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.                                                            | Desenvolver a capacidade de observación e de relación entre os pulsos musicais e os pulsos na vida cotiá                       |
| <i>Competencias sociais e cívicas.</i>                                        | Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.                                                     | Respecta as achegas individuais dos demais compañeiros e compañeiras.                                                          |
|                                                                               | Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.                                         | Participa e compórtase con responsabilidade nas actividades de interpretación en grupo.                                        |
| <i>Sentido de iniciativa e espírituempendedor.</i>                            | Desenvolver a iniciativa do alumno, de xeito individual e grupal, para adquirir estratexias de risco ante novos retos de aprendizaxe. | Demostra interese, constancia e iniciativa na participación de actividades grupais.                                            |
|                                                                               | Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais nas actividades relacionadas coa interpretación.                   | Realiza interpretacións grupais e participa nas danzas buscando o interese colectivo.                                          |

|                                           |                                                                 |                                                                           |
|-------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| <i>Conciencia e expresións culturais.</i> | Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.       | Interpreta con instrumentos de forma expresiva as composicións propostas. |
|                                           | Apreciar a forma musical concerto como manifestación artística. | Valora a achega artística da forma no período do barroco.                 |

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### **Tarefa 1:** O son e silencio.

- Realizamos actividades do LA de escoita atenta seguindo e interiorizando o pulso.
- Escoitamos os fragmentos musicais propostos no LA para descubrir o papel que xoga tanto o son coma o silencio dentro da composición musical.
- Escoitamos e percibimos as distintas duracións das figuras ademais de discriminar as familias de instrumentos que interveñen nunha composición musical.
- Obtemos información complementaria do son nas actividades propostas no PD e RF.
- Coñecemos as suxestións metodolóxicas e anticipamos as tarefas coa PD.

### **Tarefa 2:** As calidades do son.

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coas catro calidades do son e as súas características.
- Obtemos información complementaria sobre as calidades na PD.
- Realizamos as tarefas do LA e as actividades para traballar as calidades do son dun xeito activo.
- Coñecemos a música barroca e a súa marcada pulsación co *Concerto grosso en Sol menor*, de A. Vivaldi. Ampliamos información do barroco e Vivaldi na PD.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 3:** O pulso.

- Comprendemos o concepto de pulso e experimentámolo a través da interpretación e a práctica de ritmos no LA.
- Interpretamos sobre unha base rítmica un fragmento melódico coa velocidade adecuada no LA.
- Facilitamos a aprendizaxe por discriminación de ritmos mediante as bases rítmicas presentes no LD.

### **Tarefa 4:** O concerto barroco.

- Escoitamos activamente un movemento dun *Concerto para solista e orquestra*, de A. Vivaldi.
- Comprendemos as características do período histórico artístico do barroco con propostas na PD e actividades do LA.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 5:** Linguaxe musical.

- Comprendemos o concepto de pulso e experimentámolo a través da interpretación de esquemas melódico rítmicos propostos no LA.
- Completamos con figuras e silencios distintas liñas rítmicas dos RF.

### **Tarefa 6:** A danza e o movemento.

- Inventamos en grupo unha coreografía para a canción final seguindo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Acompañamos con percusión corporal distintos ritmos propostos no LA.

## **7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita estimular a experiencia musical mediante a participación na interpretación instrumental. Inculcar a importancia do silencio para a escoita atenta das audicións propostas.
- Actividades de posta en práctica das recomendacións básicas para a interpretación de melodías coa fruta doce. Utilización do xogo cooperativo como base da expresión musical utilizando metodoloxías activas, involucrando o alumnado nas actividades de forma activa, participativa e cooperativa.
- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Partir das sílabas rítmicas para facilitar o acompañamento de ritmos máis complexos.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estimular a improvisación rítmico-corporal.
- Exposición do profesorado.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- Fruta doce e instrumentos de percusión e de láminas. Instrumental Orff.
- Información sobre outros compositores do período barroco.

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?



## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: Descritores e Desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*As cores da música*

### Descrición da unidade

Os contidos da unidade teñen por obxecto traballar todo o referente ao mundo do timbre ou cor do son, o porqué da elección dun timbre determinado por parte do compositor. Xa que logo, trabállase a voz humana e a súa clasificación. Preténdese que o alumnado aprenda as tres familias de instrumentos e as agrupacións instrumentais. Que adquira a curiosidade por coñecer a sonoridade de cada instrumento e os aspectos relacionados con organoloxía e agrupacións musicais.

Finalmente, complétase a unidade cun apartado para ampliar información sobre os instrumentos Orff.

A secuencia deste estudo realízase en sete dobres páxinas:

- O timbre.
- O instrumento musical. A elección do timbre.
- A voz e a súa clasificación.
- Os instrumentos e a súa clasificación.
- As agrupacións musicais.
- Práctica da linguaxe musical.
- escoita unha ópera de Wagner.
- Taller de interpretación: *Rompe o xeo*.
- Hoxe toca... o violín.
- Os instrumentos Orff.

A través das actividades propostas na unidade perséguese que os alumnos e as alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

- Que é o timbre e como se elixe?
- O instrumento musical e a súa clasificación.
- Que é a voz e a súa clasificación.
- Cales son as agrupacións musicais máis representativas?
- Que é unha ópera?
- O violín.

### Temporalización:

Outubro:  Novembro: 

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer o significado do concepto de timbre.
- Adquirir coñecemento sobre o concepto de voz como instrumento musical e coñecer as tesituras da voz: aguda, media e grave.
- Saber as tres familias de instrumentos: corda, vento e percusión.
- Coñecer as agrupacións vocais e instrumentais máis representativas.
- Coñecer as partes do violín e as súas características.
- Entoar con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.
- Participar nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.
- Interpretar melodías formadas por notas, entre outras, *do* e *re*.

- Crear fragmentos melódicos de catro compases en ritmo ternario.
- Discriminar auditivamente as agrupacións vocais que aparecen en «Coro dos peregrinos», ópera *Tannhäuser*, de R. Wagner.
- Coñecer as características musicais máis representativas do período romántico.
- Coñecer como procesar cancións ou sons con aplicación de teléfono móbil ou tablet.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

| Contidos                                                                                | Criterios de avaliación                                                                                                                                                                         | Estándares de aprendizaxe avaliáveis                                                                        | CC                                                                                                                              |                 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| ESCOITA                                                                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O timbre do son e o instrumento musical.</li> <li>- A elección do timbre.</li> <li>- Audición: melodía interpretada con voz e instrumentos.</li> </ul> | 1. Coñecer o significado dos conceptos de timbre de son e instrumento musical.                              | 1.1. Coñece o timbre do son como unha calidade particular de cada obxecto sonoro que existe arredor nosa.                       | CAA, CMCT       |
|                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- A voz e a súa clasificación por tesitura.</li> <li>- Audición: «Oh! Mio babbino caro», ópera <i>Gianni Schicchi</i>, de G. Puccini.</li> </ul>         | 2. Coñecer en que consiste a voz como instrumento musical e as tres tesituras da voz e a súa clasificación. | 2.1. Adquire o coñecemento sobre o concepto de voz como instrumento musical e coñece as tesituras da voz: aguda, media e grave. | CAA, CMCT       |
|                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os instrumentos e a súa clasificación.</li> <li>- Audición: «Menuetto», <i>Sonatina en Do menor</i>, de F. Schubert.</li> </ul>                        | 3. Coñecer as tres familias de instrumentos.                                                                | 3.1. Coñece as tres familias de instrumentos: corda, vento e percusión.                                                         | CAA, CMCT, CCEC |
|                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- As agrupacións musicais: as agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>                                                                             | 4. Apreciar as formas de agrupación dos conxuntos vocais e instrumentais.                                   | 4.1. Coñece as agrupacións vocais e instrumentais máis representativas.                                                         | CAA, CCEC       |
|                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O violín.</li> <li>- Audición: danza española «Zapateado» op. 23, n.º 2, de Pablo Sarasate.</li> </ul>                                                 | 5. Coñecer as partes do violín e a súa tímbrica.                                                            | 5.1. Coñece as partes do violín e a súa tímbrica.                                                                               | CSIEE, CSC      |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A entoación como recurso expresivo.</li> </ul> | 6. Coñecer as posibilidades expresivas da entoación interpretando <i>Rompe o xeo</i> .                                                                                                          | 6.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.                                       | CAA, CSC                                                                                                                        |                 |

|                           |                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                 |                                                                                                                                     |                |
|---------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| INTERPRETACIÓN E CREACIÓN | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Acompañamento de pequena percusión.</li> <li>- Frauta e xilófono soprano: <i>Rompe o xeo</i>.</li> <li>- Acompañamento con instrumental Orff <i>Rompe o xeo</i>.</li> </ul>                                       | 7. Acompañar a canción <i>Rompe o xeo</i> desenvolvendo destrezas básicas de interpretación co instrumento asignado.                            | 7.1. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.                                                      | CSC            |
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posicións da frauta: <i>do, re</i>.</li> </ul>                                                                                                                                                                    | 8. Interpretar partituras coa frauta que conteñan as notas <i>do</i> e <i>re</i> .                                                              | 8.1. Interpreta melodías formadas por notas, entre outras, <i>do</i> e <i>re</i> .                                                  | CCEC, CAA      |
|                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun fragmento melódico de catro compases en ritmo ternario.</li> </ul>                                                                                                                                | 9. Desenvolver habilidades musicais para crear fragmento melódico de catro compases en ritmo ternario.                                          | 9.1. Crea un fragmento melódico de catro compases en ritmo ternario.                                                                | CSIEE          |
| CONTEXTOS MUSICAIS        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Audición «Coro dos peregrinos», ópera <i>Tannhäuser</i>, de R. Wagner.</li> <li>- R. Wagner e o contexto histórico artístico no que desenvolveu a súa obra musical.</li> <li>- O romanticismo musical.</li> </ul> | 10. Recoñecer auditivamente as dúas agrupacións vocais que aparecen na audición: «Coro dos peregrinos», ópera <i>Tannhäuser</i> , de R. Wagner. | 10.1. Discrimina auditivamente as agrupacións vocais que aparecen en «Coro dos peregrinos», ópera <i>Tannhäuser</i> , de R. Wagner. | CCEC, CAA, CCL |
|                           |                                                                                                                                                                                                                                                            | 11. Ter coñecemento das características máis importantes do romanticismo musical.                                                               | 11.1. Coñece as características musicais máis representativas do período romántico.                                                 | CCEC, CAA, CCL |

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

|                           | - Os acordes dunha escala.<br>- O cifrado americano de acordes.                                                                                                         | 3. Coñecer os acordes dunha escala e recoñecer o cifrado americano de acordes.                           | 3.1. Coñece os acordes dunha escala e en que consiste o cifrado americano.                       | CAA, CCEC            |
|                           | - As partes da guitarra eléctrica e o seu timbre característico.                                                                                                        | 4. Coñecer as partes da guitarra eléctrica e o seu timbre característico.                                | 4.1. Coñece as partes da guitarra eléctrica e o seu timbre característico.                       | CAA, CCEC, CMCT      |
| INTERPRETACIÓN E CREACIÓN | - A entoación como recurso expresivo.                                                                                                                                   | 5. Coñecer as posibilidades expresivas da entoación interpretando <i>Polca costa abaixo</i> .            | 5.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.                            | CAA, CSC, CSIEE      |
|                           | - Acompañamento de pequena percusión.<br>- Frauta e xilófono soprano: <i>Polca costa abaixo</i> .<br>- Acompañamento con instrumental Orff: <i>Polca costa abaixo</i> . | 6. Interpretar partituras demostrando unhas destrezas básicas de interpretación co instrumento asignado. | 6.1. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.                   | CAA, CSC, CSIEE      |
|                           | - Elaboración dunha letra que encaixe coa melodía proposta no apartado de arranxo musical.                                                                              | 7. Desenvolver habilidades para crear textos.                                                            | 7.1. Creación dun texto para unha melodía dada.                                                  | CCL, CAA, CSC, CSIEE |
|                           |                                                                                                                                                                         | 8. Coñecer en que consiste a profesión de adaptador musical.                                             | 8.1. Coñecemento da profesión de adaptador musical.                                              | CCL, CAA, CSC, CSIEE |

|                    |                                                                                                                  |                                                                                  |                                                                                          |              |
|--------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| CONTEXTOS MUSICAIS | - Audición:<br><i>Nocturno n.º 15 en Fa menor</i> , de F. Chopin.                                                | 9. Ter coñecemento das características máis importantes do romanticismo musical. | 9.1. Coñece as características musicais máis representativas do período do romanticismo. | CAA,<br>CCEC |
|                    | - F. Chopin e o contexto histórico artístico no que desenvolveu a súa obra musical.<br>- O romanticismo musical. | 10. Desenvolver a sensibilidade artística a partir de audicións do romanticismo. | 10.1. Contribúe a desenvolver a súa sensibilidade artística.                             | CAA,<br>CCEC |

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

| Estándares de aprendizaxe avaliábeis                                                             | Selección de evidencias para o portfolio                                                                                                                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.1. Coñece o concepto do intervalo musical e as súas variantes: intervalo melódico e harmónico. | - Actividades do LA de comprensión do intervalo musical e actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.                            |
| 2.1. Adquire o coñecemento da estrutura dun acorde tríade.                                       | - Actividades do LA de comprensión do acorde e actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.                                       |
| 3.1. Coñece os acordes dunha escala e en que consiste o cifrado americano.                       | - Actividades previas suxeridas na PD para detectar ideas previas acerca dos acordes da escala.                                                               |
| 4.1. Coñece as partes da guitarra eléctrica e o seu timbre característico.                       | - Actividades previas suxeridas na PD para detectar ideas previas acerca da guitarra eléctrica.                                                               |
| 5.1. Entoa con afinación apropiada nas actividades de canto en grupo.                            | - Actividades de entoación expresiva das cancións do LA.<br>- Exercicios para practicar os recursos expresivos da voz propostos na PD.                        |
| 6.1. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.                   | - Actitude activa na escoita e interpretación instrumental das melodías do LA.<br>- Actividades de interpretación instrumental do LA e RF.                    |
| 7.1. Creación dun texto para unha melodía dada.                                                  | - Audicións activas do LA.<br>- Actividades previas suxeridas na PD para ampliar contidos relativos ao período do romanticismo.                               |
| 8.1. Coñecemento da profesión de adaptador musical.                                              | - Actividades previas suxeridas na PD para ampliar contidos relativos á profesión de adaptador musical.                                                       |
| 9.1. Coñece as características musicais máis representativas do período do romanticismo.         | - Actitude activa na escoita de composicións románticas do LA.<br>- Actividades previas suxeridas na PD para ampliar contidos relativos ao período romántico. |
| 10.1. Contribúe a desenvolver a súa sensibilidade artística.                                     | - Audicións activas do LA.                                                                                                                                    |
| 11.1. Desenvolve habilidades dixitais para                                                       | - Actividades previas suxeridas na PD para                                                                                                                    |



escoller unha secuencia de acordes e  
compoñer unha melodía sobre a  
devandita secuencia.

ampliar contidos relativos ao piano e o seu  
funcionamento.

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia                                                                   | Descritor                                                                                                    | Desempeño                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Comunicación lingüística.</i>                                              | Segue as explicacións e instrucións orais para realizar as tarefas.                                          | Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda externa do profesorado.                                             |
|                                                                               | Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor. | Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.                                     |
| <i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i> | Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.                                                        | Escoita con actitude atenta e respectuosa os sons do contorno.                                                                 |
| <i>Competencia dixital.</i>                                                   | Adquirir a competencia dixital para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.                           | Utiliza os reprodutores de audio, o encerado dixital e Internet, para facilitar o acceso á ampliación dos contidos da unidade. |
| <i>Aprender a aprender.</i>                                                   | Desenvolver estratexias individuais e cooperativas que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.        | Desenvolve a capacidade de observación e de relación entre as partes da forma musical.                                         |
| <i>Competencias sociais e cívicas.</i>                                        | Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.                            | Respecta as achegas individuais dos demais compañeiros e compañeiras.                                                          |
|                                                                               | Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.                | Participa e compórtase con responsabilidade nas actividades de interpretación en grupo.                                        |
| <i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>                          | Optimizar recursos persoais apoiándose en fortalezas propias.                                                | Fomenta a aprendizaxe individual e cooperativa a través da creación musical.                                                   |
| <i>Conciencia e expresións culturais.</i>                                     | Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.                                                    | Interpreta con instrumentos de forma expresiva as composicións propostas.                                                      |
|                                                                               | Mostrar respecto cara ao patrimonio musical e cara aos compositores que contribuíron ao seu desenvolvemento. | Valora a composición musical como expresión artística.                                                                         |

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### **Tarefa 1:** O intervalo musical. Intervalos melódicos e harmónicos

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada con intervalos melódicos e harmónicos.
- Obtemos información complementaria sobre os intervalos nas actividades propostas no PD e RF.

### **Tarefa 2:** O acorde: o acorde tríade

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada co acorde: o acorde tríade.
- Realizamos as tarefas do LA e as actividades para traballar o acorde dun xeito activo.
- Obtemos información complementaria sobre o acorde tríade nas actividades propostas no PD e RF.

### **Tarefa 3:** Os acordes dunha escala

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada cos acordes dunha escala.
- Realizamos as tarefas do LA e as actividades para traballar o acorde dun xeito activo.
- Obtemos información complementaria sobre os acordes dunha escala nas actividades propostas no PD e RF.

### **Tarefa 4:** O nocturno de F. Chopin

- Escoitamos activamente un nocturno de F. Chopin.
- Comprendemos as características do período histórico artístico do romanticismo con propostas na PD e actividades do LA.

### **Tarefa 5:** A guitarra eléctrica

- Comprendemos o funcionamento da guitarra eléctrica e as súas características principais coa información achegada no LA e ampliando a información coa PD.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita estimular a experiencia musical mediante a participación na interpretación instrumental. Inculcar a importancia do silencio para a escoita atenta das audicións propostas.
- Actividades de posta en práctica das recomendacións básicas para a interpretación de melodías coa fruta doce. Utilización do xogo cooperativo como base da expresión musical utilizando metodoloxías activas, involucrando o alumnado nas actividades de forma activa, participativa e cooperativa.
- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Partir das sílabas rítmicas para facilitar o acompañamento de ritmos máis complexos.

- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estimular a improvisación rítmico-corporal.
- Exposición do profesorado.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- Frauta doce e instrumentos de percusión e de láminas. Instrumental Orff.

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## CONTRIBUCIÓNS XERAIS Á METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As clases de Música en 2º da ESO basearanse principalmente na experiencia práctica como medio para fomentar a aprendizaxe do alumnado. A base tomada para a comprensión teórica será esta, de xeito que todo aquilo que poidamos aprender mediante a experiencia non sexa derivado ó marco teórico. Agora ben, esta é só a parte básica e máis atractiva da asignatura pero non podemos esquecer que a música ten tamén unha dimensión teórica que precisa ser traballada, así por exemplo, a escritura musical e a comprensión dos signos e símbolos propios desta linguaxe, o feito de familiarizarse coas familias de instrumentos, cos estilos musicais, etc... . Para elo, empregárase o material facilitado polo profesor en forma de apontamentos, así como as audicións relacionadas co tema ou temas a tratar no momento. Pedirase tamén en certos ámbitos, coma o da música moderna, a colaboración do alumnado en forma de recolección de pezas e elaboración de listas de audición. A nivel práctico traballarase as pezas facilitadas polo profesor, empregando o material e instrumental presente na aula. Todo isto deberá ser alternado de forma que sempre e en todo momento se de ponderancia ó campo práctico como base do coñecemento musical do que derivaremos todo o marco teórico.

Para as clases precisarase o seguinte material:

- Caderno de traballo propio.
- Libreta de apuntes (para pegar as diferentes partituras que se poidan entregar e tomar apontamentos ).
- Fruta.

Para o desenvolvemento do currículo empregárase:

- Os instrumentos escolares presentes na aula ( material Orff, teclado, guitarras, piano, etc...) e tamén aqueles que os alumnos poidan aportar.
- A voz como elemento de aprendizaxe e como medio imprescindible para o autoconhecimento e realización propia.
- A discografía presente na aula e mailos discos que conteñen todo o material de audio presente na citada programación que poderán ser elaborados polo profesor ou ben expostos nun [blog educativo](#) á disposición do alumnado.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Existirán dous ámbitos diferenciados:

- \* **O ámbito teórico ( valorado nun 40% da nota de avaliación )**
- \* **O ámbito práctico ( valorado nun 40% da nota de avaliación )**
- \* **O 20% restante adicarase a presentación de exercicios, traballo de aula, caderno de traballo ).**

- Cada un dos ámbitos ( teórico e práctico ) considerárase **como independente** e deberá ser

superado cunha calificación **media superior a 5.**

- Dentro de cada ámbito, **non se fará media cunha calificación inferior a 4** e a media resultante entre os diferentes exames dun ámbito deberá superar a calificación de 5, segundo o dito no parágrafo anterior.

- No caso dos exames escritos os erros ortográficos e a expresión escrita, poderán ser penalizados segundo o estipulado no Departamento de Lingua Galega, excepto naqueles casos nos que o alumno non sexa pertencente á Comunidade Autónoma Galega ou teña exención de Lingua Galega. Nestes casos axudaráselle ó alumno a acadar unha expresión adecuada ( no caso de que se incorpore dende outra Comunidade Autónoma )\* Os erros ortográficos, no caso de repetirse, soamente serán computados unha soa vez.

-No caso dos exames teóricos a valoración das preguntas será en función do estipulado en cada pregunta dos exames segundo o traballado e correxido na aula.

- No caso dos exames prácticos realizarase unha grabación do alumno na que se valorarán a expresión musical, a destreza e o traballo realizado polo alumno...

- Un xeito “orientativo” para avaliar dita proba será este cadro:

|                         |                                                                       |
|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Puntuación de 10</b> | Sen erros de medida e interpretación. Expresa correctamente e frasea. |
| <b>Puntuación de 9</b>  | 1 erro breve. Interpreta ben e expresa correctamente.                 |
| <b>Puntuación de 8</b>  | De 2 a 3 erros breves. Interpreta ben e expresa.                      |
| <b>Puntuación de 7</b>  | De 2 a 3 erros.                                                       |
| <b>Puntuación de 6</b>  | 4 erros claros ( erros de medida, posicións )                         |
| <b>Puntuación de 5</b>  | Maís de 5 erros claros ( medida e posicións )                         |
| <b>Puntuación de 4</b>  | 6 erros de medida e posición                                          |
| <b>Puntuación de 3</b>  | 8 erros                                                               |
| <b>Puntuación de 2</b>  | 10 erros                                                              |
| <b>Puntuación de 1</b>  | Intenta tocar e fai algo.                                             |
| <b>Puntuación de 0</b>  | Non presenta nada nin intenta.                                        |

## **RECUPERACIÓNS**

- O alumno que teña suspensa a avaliación presentarse os exames de recuperación pertinentes, que serán: un para aqueles persoas que teñan suspendido por causa da parte teórica, e o outro para aquelas que suspendan por parte práctica. Aqueles que teñan suspensas ámbalas dúas partes presentaranse ós dous exames (teórico e práctico) coa materia correspondente a cada parte. Aqueles que suspenderan por traballo de aula deberán presentar a libreta na data indicada con todos os traballos correspondentes á avaliación completados.

- Os alumnos que se presenten a recuperación e deberán cumprir cos requisitos anteriormente estipulados para acadar o aprobado na asignatura.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Empregaranse como medios para a avaliación os seguintes elementos.

- Probas ou exames escritos realizados.
  - Probas prácticas e preparación das mesmas cos diferentes instrumentos ( xilófonos, frautas, etc... )
- Traballos de aula individuais e en grupo.
- Presentación de exercicios realizados durante o trimestre e o curso correspondente.
  - Interés por aprender e esmero á hora de afrontar aprendizaxes novas ( instrumentais, vocais, ou de música e movemento )

## **PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

En primeira instancia e tendo en conta que non coñecemos o nivel do alumnado, procederase a posta en práctica dunha serie de probas para determinar o nivel no que se atopa cada un deles. Estas probas serán de dous tipos:

- A) Probas prácticas: lectura e entoación.
- B) Probas teóricas para ter en conta o nivel de coñecementos do alumno.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Á hora de calificar teranse en conta nas diferentes probas os seguintes elementos:

### **A) PROBA TEÓRICA E TRABALLOS PRESENTADOS**

- Se o alumno resposta con concreción ás preguntas realizadas.
- Se a expresión é correcta e clara.
- Se introduce termos propios da linguaxe musical que foron previamente explicados e que debe aprender a empregar.
- Se presenta adecuadamente os traballos e as probas.
- Poderase ademáis propor na aula outros medios para calificar os traballos, como por exemplo, a inclusión de videos e explicacións, imaxes, pequenos fragmentos musicais preparados polos alumnos, etc...

### **B) PROBAS PRÁCTICAS**

- Se o alumno é capaz de facer unha lectura rítmica da peza examinada
- Se coñece e é capaz de solfexar a partitura.
- Se é capaz de entoar e medir correctamente.
- Adxúntase un cadro no partado de Procedementos de Avaliación polo que se rexerá a práctica instrumental.

## **ABANDONO MANIFESTO**

Considerarase abandono manifesto por parte dun alumno o feito de:

- Non traer o material preciso o longo do curso de xeito que non poida participar ou facer as tarefas encomendadas ó resto dos alumnos. Aquí inclúense instrumentos para as clases de práctica, partituras a traballar, caderno de traballo.
- O non facer as tarefas que se encomendan na clase ou negarse a realización das mesmas.
- O non presentarse ós exames de avaliación de xeito reiterado, sexa no caso dos alumnos propios do curso e grupo no que se imparte música, ou ben dos alumnos que teñen dita asignatura como pendente de anos anteriores. Dito comportamento porase en coñecemento da xunta de avaliación e do titor para que considerando este feito a xunta avaliadora tome unha decisión ó respecto.

### **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE**

Os alumnos coa materia pendente realizarán e entregarán os exercicios esixidos polo profesor de forma periódica e segundo os prazos establecidos previamente. Isto será valorado positivamente polo profesor de cara á avaliación do alumno. Ademais disto realizaranse unha serie de exames ó longo do curso. As normas de calificación son as mesmas que o resto do alumnado do mesmo curso e deberán por tanto acadar os mesmos obxetivos. Se non entregaran os traballos requeridos enfrentaríanse a un único exame final que reuniría todos os contidos presentes ó longo do curso incluídas as actividades recollidas ó longo do ano. Pode ademais facerse un seguimento do alumno na aula no caso de que se atope nun curso superior para ver o avance que ten nese curso na mesma materia que está pendente, aproveitando así dita situación para reforzar aqueles contidos que teñen que ver coa materia do curso anterior.

No caso dos alumnos con materia pendente considerarase como abando manifesto:

- O feito de non presentar as tarefas de xeito reiterado e desentenderse dos avisos do profesor respecto a este comportamento.
- O non presentarse os exames dispostos para avaliar ó alumno. Este comportamento será comunicado á Xunta de Avaliación e ó titor para que se tome en consideración á hora de obter o graduado.

### **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Empregaránse para as clases as coleccións de música de que se dispoñen no instituto, o material orff co que se complementará as explicacións teóricas sobre o tema a dar. Será tamén necesario realizar unha serie de traballos acerca de músicos que están a estudar ou de períodos históricos de certa relevancia. Estes traballos serán expostos na clase.

Os materiais cos que se conta na aula son:

- Pizarra de pentagramas
- Ordenador portátil e proxetor
- Colección de discos Oceano Música
- Cadea Musical ( CD, Cassette, Radio )
- Grabadoras ( 3 )
- Instrumentos musicais Orff ( xilofonos, metalofonos, carillons, claves, maracas,



- triángulo, pandeiros, flautas, timbais escolares, etc...)
- Piano
  - Baixo eléctrico e amplificador
  - Guitarras
  - Flautas contralto
  - Caixón flamenco

## TEMAS TRANSVERSAIS

Consideranse como temas que se deben de incluír ou tratar na aula, pola súa importancia a nivel de convivencia e de respecto non só cara ó compañeiros, ou a calquera persoa, senón que tamén como temas fundamentais para o propio desenvolvemento como persoa consciente, os seguintes:

- **Educación para a paz:** procurarase a concienciar o alumnado para que este, sexa un valor, non solo nomeado, senón vivido na súa persoa e na súa relación coa comunidade educativa, ensinándolle a valorar e respetar opinións diversas e diferentes e solventar os problemas dun xeito non cal a “non violencia nin verbal nin física” sexa un pilar básico. Procurarase ensinar como a música pode, relaxar, calmar e cambiar o noso estado anímico ademais de fomentar a empatía e mellorar as nosas relacións cos demais.
- **Educación para un consumo responsable:** mediante o discernimento de saber que é un ben necesario e que é prescindible. Fomentando a liberdade de elección fronte a compra compulsiva e sendo conscientes de que precisamos moito menos do que creemos para ser felices.
- **Educación para o respecto e conservación da natureza:** mediante a visualización de vídeos e textos acompañados de música.
- **Educación para respecto e a igualdade entre pobos, razas, etnias e sexos.**

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Dentro das actividades complementarias que se poderan realizar ó longo do curso inclúense as seguintes:

- Acudirase a un ou varios **Concerto didácticos** dentro da nosa comunidade, coa intención de fomentar o interese do alumnado por este tipo de manifestacións culturais e tamén para ampliar o seu coñecementos no que se refire a Concertos e espazos públicos ( Auditorios ) nos que se veñen realizando as diferentes programacións musicais de xeito regular.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Unha vez realizada a avaliación inicial previa, iranse detectando diferentes dificultades no referente a todos e cada un dos aspectos musicais tratados. Da mesma maneira, veremos as carencias ou necesidades especiais de certos alumnos; para eles hai que artellar actividades que axuden a desenvolver as actividades e coñecementos propostos. Podense encontrar entre estas actividades as seguintes: traballo con axuda específica do profesor, realización de partes musicais con medidas máis sinxelas, realización de ritmos con instrumentos de pequena percusión.

No caso dos exercicios de clase será necesario acompañar ós alumnos cunha atención específica axudándolles na medida do posible e incentivando a súa labor e capacidades de xeito que adquiran un certo grao de independencia dentro da aula.

Buscar recursos para que os alumnos con dificultades poidan integrarse no grupo, será función do profesor.

Unha aplicación máis flexible da programación será necesaria para eses alumnos con necesidades educativas especiais.

## **TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

Unha das funcións do sistema educativo é axudar e animar a lectura, e dentro da materia de música tamén queremos apoiar ese propósito. En anos anteriores púxose en práctica o plan lector de centro pero neste ano o Departamento de Música quere propor un medio diferente baseado no audiovisual no cal se realizarían lecturas de 20' que estarían baseados en vídeos con contido de texto e nos que se promovan valores, ideas a reflexionar sobre temas de actualidade: medioambientais, sociais, culturais... sempre coa presenza de música de fondo para que deste xeito a lectura e o seu fomento se vexan apoiadas e conxuntadas pola música e coa música. Os vídeos serán escollidos polo profesor sendo sempre de contidos educativos e visualizaranse en silencio dentro da aula nos días sinalados polo plan lector do centro.

## **CONTRIBUCIÓNS Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

Dende o departamento de Música formentarase é incidirase no reforzo do PLAN DE CONVIVENCIA dende os seguintes aspectos:

- Educar na tolerancia e o respecto das opinións dos demais aínda cando estas non se correspondan cos nosos gustos ou preferencias.
  - Practicar e pór en valor a atención e o respecto ó profesor valorando os seus consellos e apreciacións e comentando ou expresando ante el aqueles puntos cos que non estamos dacordo e que poden ser modificados para a súa mellora.
- Comprender e pór en práctica o respecto polos demais sabendo que coa nosa actitude podemos axudar a que entendan.
- Axudar e colaborar nas actividades de grupo integrándose no grupo e participando activamente.
  - Axudar a que exista unha comunicación entre o alumnado e que isto o leve á resolución de posibles conflitos e desavenencias de xeito que aprendan a solventar estas problemáticas cos seus propios medios e exerciten así “a mediación” como un elemento imprescindible.
- Ser conscientes das palabras, expresións e actitudes que entorpecen o feito educativo e

e reconducilas de xeito que sexan proveitosas para a aula e os compañeiros.

## **PROXECTO TIC NA MATERIA DE MÚSICA**

- Na época que nos toca vivir, faixe imprescindible o uso e o coñecemento das novas tecnoloxías. Na era da informática e internet, o sistema educativo debe apoiar uso desas novas tecnoloxías.

- Tamén debe ser unha ferramenta para a educación do alumno: para recoller información, para completar temas dados na aula, para facer traballos que completen ou incluso formen parte da evolución do alumno.

- Dende a materia de música usarémolo da seguinte maneira:

- Buscar datos en internet.

- Propoñer un tema e buscar información na rede, axudando aos alumnos a discernir o que é información e o que é intoxicación, teoricamente falando.

- Creación de partituras, ou amosar pequenas noções de como se pode escribir música en ordenador.

- Explicar como é un sistema de gravación de música en ordenador, incluso facendo gravacións na aula para que se escoiten.

- Estas actividades realizaranse nas aulas de informática as que dispoña o centro ou ben na aula de música, levando un ordenador con tarxeta de son e un proxector.

- Na aula o recurso informático é básico para un bo desenvolvemento da materia. Hai que ter en conta que internet ofrece unhas grandísimas posibilidades de información

- Concertos en directo, gravación de obras, páxinas web con datos- . Unhas das utilidades máis grandes é amosar aos alumnos certos instrumentos e gravación que o seminario de música non posúe, e que si pode sacar da rede.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Como medio para avaliar a propia programación teremos que ter en conta:

- O grado de cumprimento do exposto a nivel de contidos, temporalización, etc...

- A porcentaxe de alumnado que obten unha nota de aprobado, de xeito que se se dan casos de porcentaxes de aprobados inferiores a un rango comprendido entre 50% e 70% deberá facerse unha análise dos motivos e a xustificación dos mesmos. Asimesmo poderá estipularse como medida nestes casos a comparativa cos resultados de asignaturas semellantes á música, e dicir, do ámbito cultural ou artístico.

- A realización e mostra de traballos ou actuacións públicas será un medio para valorar o éxito das iniciativas emprendidas na aula.



### 3º DA E.S.O.

| <b>I.E.S. ALLARIZ</b> |                                         |                           |                         |
|-----------------------|-----------------------------------------|---------------------------|-------------------------|
| <b>CURSO</b>          | <b>3º E.S.O.</b>                        | <b>CÓD</b>                | <b>S230000</b>          |
| <b>ASIGNATURA</b>     | <b>MÚSICA</b>                           |                           |                         |
| <b>PROFESOR:</b>      | <b>DANIEL ALEXANDRE IGLESIAS LOSADA</b> |                           |                         |
| <b>LIBRO DE TEXTO</b> | <b>Título</b>                           | <b>SEN LIBRO DE TEXTO</b> |                         |
|                       | <b>Autor</b>                            | -----                     |                         |
|                       | <b>Editor</b>                           | -----                     | <b>ISBN</b> -----       |
|                       | <b>Data Autoriz.</b>                    | -----                     | <b>CLASES EN GALEGO</b> |

### **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con valor incuestionable na vida das persoas. Na actualidade, vivimos en contacto permanente coa música, sen dúbida é o arte máis poderosamente masivo do noso tempo. O desenvolvemento tecnolóxico foi modificando considerablemente os referentes musicais da sociedade pola posibilidade idunha escoita simultanea de toda a produción musical mundial a través da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cine, da publicidade, de internet, etc... Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu á súa vez novos cauces para a interpretación e creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera outra persoa interesada en facer música. Dende esta perspectiva, a materia de Música, para a Educación Secundaria Obrigatoria pretende establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se ensina nas aulas, establecendo novos cauces necesarios para estimular ó alumnado no desenvolvemento da percepción, da sensibilidade estética, da expresión creativa e a reflexión crítica, chegando a un grao de autonomía tal que posibilite a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas coa audición, a interpretación e a creación musical.

O carácter máis global que a area de Educación artística presenta na Educación Primaria, sucede nesta etapa unha aproximación máis diferenciada e analítica. Isto, correspóndese coas características evolutivas do alumnado, nun momento no que a súa capacidade de abstracción experimenta un desenvolvemento notable. Esta diferenciación, non impide sen embargo, que a materia se sega articulando en torno a dous eixos fundamentais, percepción e expresión, vencellados á súa vez e de forma directa coa adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todos os cidadans.

A percepción refírese nesta materia ó desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva, de audición activa e de memoria comprensiva da música, tanto durante o desenvolvemento de actividades de interpretación e creación musical como na audición de obras musicais en vivo ou grabadas.

Pola súa parte, a expresión alude o desenvolvemento de todas aquelas capacidades vencelladas coa interpretación e a creación musical. Dende o punto de vista da interpretación, a ensinanza e o aprendizaxe da música céntranse en tres ámbitos diferenciados pero estreitamente relacionados: a expresión vocal, a expresión instrumental e o movemento e a danza. Mediante o desenvolvemento destas capacidades, trátase de facilitar o logro dun dominio básico das técnicas requiridas para o movemento e a danza. A creación musical, remite á exploración dos exemplos propios de linguaxe musical e a expresión e combinación dos sons á través da improvisación, a elaboración de arranxos e a composición musical e colectiva.

O tratamento dos contidos que integran estes dous eixos debe facerse tendo en conta que na actualidade máis que noutras épocas, a música é un dos principais referentes de identificación da xuventude. O feito de que o alumnado a sinta como propia constitúe paradoxicamente unha ventaxa e un inconveniente no momento de traballala na aula: ventaxa por que o valor, así como as expectativas e a motivación respecto a esta materia son moi elevadas e inconveniente por que o alumno ó facela súa posee sesgos confirmatorios moi arraigados.

A continuación expónse aquí a programación proposta na que se combinan as diferentes áreas dun xeito variado e tamén progresivo para o bo desenvolvemento da aprendizaxe e a formación do alumno, tendo ademais en conta, tal e como se expuxo anteriormente todas aquelas manifestacións artísticas presentes no mundo actual e aproveitando as mesmas como ponte cara ás manifestacións antigas ou históricas, logrando así unha unión entre o novo e o antigo que sempre dará unha visión de conxunto e un coñecemento amplo e necesario para valorar un legado artístico tan amplo e diverso.

## **CONTIDOS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN /ESTANDARES DE APRENDIZAXE/ COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).  
Obxectivos do bacharelato: segundo o DOG 120 do 29/VI/2015

| Música. 3º de ESO                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                                                          |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos                                                                                                | Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                         | Estándares de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Competencias clave                                                                       |
|                                                                                                           | tación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                 | nancia e a entoación.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                          |
|                                                                                                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</li> <li>▪ B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</li> <li>▪ B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.</li> </ul> |                                                                                                                                                                                                                                                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ n</li> </ul>                                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Amosar interese e polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>                                                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> <li>▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>        | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.</li> <li>▪ B1.12. Práctica das pautas básicas</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de nota-</li> </ul>                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>                |

| Música. 3º de ESO                                                               |                                                                                                                                                                               |                                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                         |
**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA A ASIGNATURA DE MÚSICA 3º ESO**

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | TEMPORALIZACIÓN                                                  | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN                                                                                                                               | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN                                                                                                                                                                                    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>BLOQUE 1 : INTERPRETACIÓN E CREACIÓN</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                  |                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                |
| Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música ( colocación das notas no pentagrama, notas adicionais, clave en fa cuarta, duración de figuras...)                                                                                                                                                                                                                                     | Durante todo o curso no traballo práctico e escrito.             | É capaz de ler e interpretar unha partitura e comprender os signos que se atopan nela e o seu significado.                                               | Práctica de diversas pezas instrumentais cantadas e/ou tocadas con diversos instrumentos.<br>Realización de dictados rítmico-melódicos.                                                                        |
| Recoñece, comrende e analiza tipos de textura.<br><br>-----<br>Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.                                                                                                                                                                                                                                       | 3 sesións incluíndo unha sesión práctica de análise de melodías. | Diferencia os estilos de composición nos que estan escritas as obras visual e auditivamente.                                                             | Analise e escoita de diferentes obras sinxelas nas que se identifiquen os estilos e texturas de composición máis frecuentes.                                                                                   |
| Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.<br><br>-----<br>Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.<br><br>-----<br>Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e entoación.<br><br>Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de | A traballar durante todo o curso.                                | Vocaliza e preocúpase polo coidado da voz e dos instrumentos. Canta entoando emprega a respiración diafragmática e consegue unha boa impostación da voz. | Práctica de exercicios de vocalización en diferentes alturas e extensións así como das técnicas de dominio do diafragma.<br><br>Práctica de pezas vocais sinxelas e con dificultade crecente ó longo do curso. |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                    |                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| interpretación adecuadas ó nivel.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                    |                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                          |
| Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Durante todo o curso.              | É capaz de interpretar satisfactoriamente diante dun público ou de compañeiros as pezas practicadas na aula.                                                                           | Realización de interpretación probas grabadas en formato de audio nas que o alumno poderá escoitar a súa progresión e mellora. Práctica da interpretación en conxunto e individual.      |
| Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 3 ou 4 sesións en cada avaliación. | É capaz de improvisar pequenas e sinxelas estruturas ritmico-melódicas.                                                                                                                | Realización de actividades prácticas de creación de ritmos con percusión corporal creados ou aprendidos de cancións actuais que deben servir como marco para a improvisación e creación. |
| <p>Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p> <p>-----</p> <p>Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ó nivel.</p> <p>Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p> | Durante todo o curso               | <p>Respeto polas diferentes opinións e actitude de mellora e superación.</p> <p>Interpretación, coñecemento, valoración e creación de partituras das diferentes etapas históricas.</p> | Lectura e interpretación de diferentes pezas vocais e instrumentais, así como de danzas, que pertencen á diferentes períodos históricos así como ó repertorio galego ou español.         |
| Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor e dos compañeiros.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Durante todo o curso               | Respetar as diferentes propostas                                                                                                                                                       | Escoitar diferentes audicións propostas polos compañeiros ou polo profesor mostrándose aberto e tolerante.                                                                               |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                       |                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ó director, ou a interpretes, audición interior, memoria e adecuación ó conxunto amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</p> <p>-----</p> <p>Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitude de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respetuosa.</p> | Durante todo o curso  | <p>Atención ó director e o conxunto.</p> <p>Respeto polas diferentes opinións e actitude de mellora e superación.</p> | <p>Practicar durante as sesións de práctica instrumental tendo en conta os preceptos de atención ó director e silencio durante a interpretación.</p> <p>Realización de pezas vocais en pequenos grupos.</p>                                                |
| <p>Amosa interese polas paixases sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 0,5 sesión            | Diferentes ambientes sonoros e son.                                                                                   | Grabación e escoita na aula de diferentes lugares e ambientes para tratar así de identificar os sons propios de cada situación e lugar.                                                                                                                    |
| <p>Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | 1 sesión              | Percusión corporal e percusión con instrumentos caseiros: percusión de vasos.                                         | Aprender e practicar nas diferentes obras percusión con diferentes obxectos como os vasos ou a percusión corporal.                                                                                                                                         |
| <b>BLOQUE 2 : ESCOITA</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                       |                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <p>Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos ó longo da historia da música.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Durante todo o curso. | Evolución da voz e dos instrumentos ó longo da historia da música.                                                    | <p>Audición e interpretación de diferentes pezas vocais de diferentes épocas históricas.</p> <p>Comentario e debate sobre as audicións realizadas e os puntos de vista do alumnado e do profesor intentando chegar a puntos de comprensión e encontro.</p> |
| <p>Le e analiza partituras como apoio á audición</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Durante todo o curso. | Análise e lectura de partituras.                                                                                      | <p>Audición, seguimento e entoación das melodías dunha partitura.</p> <p>Análise de diferentes obras previas á audición.</p>                                                                                                                               |
| <p>Valora e aplica o silencio como elemento</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Durante todo o curso. | Silencio e atención nas audicións e na                                                                                | Audición de diferentes obras como medio para                                                                                                                                                                                                               |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                |                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| indispensable para a interpretación e a audición.                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                | intepretación.                                                                                                          | acostumar ó alumnado á practica do silencio.<br><br>Practica do silencio como exercicio de atención mediante a audición consciente discriminando ruidos e centrando a atención en sons ou matices concretos da obra.                                                               |
| Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo música de diferentes culturas e épocas históricas.                                                                                                                       | Durante todo o curso ( épocas históricas ), 4 ou 5 sesións no caso da música doutras culturas. | Coñemento das diferentes épocas históricas e da música doutras culturas.                                                | Audición e descubrimento de novas músicas propostas polos alumnos.<br><br>Presentación de instrumentos populares de diferentes culturas que animen ó alumnado a coñecer máis a fondo a súa música e os seu pensamento. (p..e. didjeridoo ou cuencos tibetanos, ukele, charango...) |
| Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.<br>-----<br>Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.<br>-----<br>Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de eito oral e escrito, con rigor e claridade. | Todo o curso                                                                                   | Termos musicais propios da linguaxe musica, estilos compositivos...                                                     | Comentar e analizar obras empregando un vocabulario de termos propios da asignatura.<br><br>Entoación ou interpretación con instrumentos previa ó análise das partituras.                                                                                                          |
| <b>BLOQUE 3 : CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                |                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| Expresa contidos musicais e relacionaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.<br>-----<br>Recoñece e interpreta                                                                                                                                                                                                     | Durante todo o curso.                                                                          | A música ó servizo doutras linguaxes. Análise da música en diferentes tipos de espectáculos e produccions audiovisuais. | Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.                                                                                                                                                                                                     |

|                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                |                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</p> <p>-----</p> <p>Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ó longo da historia.</p>                     |                                                                                |                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                           |
| <p>Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción elaborando algún proxecto de investigación e exposición.</p>                                                                            | <p>2 sesións de traballo na aula.</p>                                          | <p>O son e amúsica nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información de da comunicación.</p>                                                               | <p>Utilización das fontes de información para indagar sobre instrumentos compaositores e compositoras, concertos e produción musical.</p> |
| <p>Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.</p>                                                                                                                                                   | <p>Todo o curso</p>                                                            | <p>Coñecemento práctico aplicado á historia da música: armonía, acordes, texturas, formas....</p>                                                                 | <p>Audición e comentario de obras.</p> <p>Práctica de fragmentos de obras propios de cada época ou periodo histórico.</p>                 |
| <p>Distingue e situa temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais.</p> <p>-----</p> <p>Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.</p> | <p>Todo o curso.</p>                                                           | <p>Épocas da historia da música: características principais, autores significativos, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas e fragmentos.</p> | <p>Explicación con apoio de audicións comentadas e práctica de partituras propias de cada época.</p>                                      |
| <p>Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</p> <p>-----</p> <p>Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito con rigo e claridade.</p>                                                    | <p>Durante todo curso.</p>                                                     | <p>Termos musicais propios da linguaxe musica, estilos compositivos...</p>                                                                                        | <p>Comentar e analizar obras empregando un vocabulario de termos propios da asignatura.</p>                                               |
| <p>Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas</p>                                                                                                                                                                                         | <p>O longo de todo o curso: no apartado adicado á musica moderna. 1 sesión</p> | <p>O feito musical ó longo da historia.</p>                                                                                                                       | <p>Traballos de investigación sobre grupos, tendencias,</p>                                                                               |



|                                                                                                                                         |                                                                                                                |                                                                                                                                                    |                                                                                                                 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| tendencias, representantes, grupos de música popular, etc... e realiza unha revisión crítica desas producións.                          | por unidade ( total 9 sesións ). No apartado historico ( diferentes épocas da música clásica ) : todo o curso. |                                                                                                                                                    | compositores e obras.<br><br>Audición e investigación sobre obras concretas.                                    |
| -----                                                                                                                                   |                                                                                                                |                                                                                                                                                    |                                                                                                                 |
| Interese por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.                                                                   |                                                                                                                |                                                                                                                                                    |                                                                                                                 |
| <b>BLOQUE 4 : MÚSICA E TECNOLOXÍAS</b>                                                                                                  |                                                                                                                |                                                                                                                                                    |                                                                                                                 |
| Coñece algunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilizaas como ferramentas para a actividade musical                         | 3 sesións                                                                                                      | Utilización de dispositivos e de software para a creación e grabación musical.                                                                     | Realización de pequenos traballos de creación con programas de software libre como “audiosauna” ou “musescore”. |
| -----                                                                                                                                   |                                                                                                                |                                                                                                                                                    |                                                                                                                 |
| Participa en todos os aspectos da produción musical desmostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos, as tecnoloxías. |                                                                                                                |                                                                                                                                                    |                                                                                                                 |
| Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.        | Todo o curso                                                                                                   | Creación e grabación empregando software e incorporando tamén o manexo de aparellos ou dispositivos que permiten a reprodución e grabación de son. | Emprego e incorporación de audio a traballos de todo tipo. Edición e manexo de audio.                           |

## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 1

### COMPETENCIAS E CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

#### - Cultural e artística:

- Fomentar o desenvolvemento da capacidade de apreciación e valoración das distintas manifestacións culturais.

#### - Autonomía e iniciativa persoal:

- Establecer un diálogo a partir da observación do son no ámbito cotián.
- Participar activamente no traballo colaborativo e na desinhibición fronte á interpretación

musical.

**- Coñecemento e interacción co mundo físico:**

- Aplicar as nocións de acústica para o coñecemento do fenómeno sonoro.

**- Aprender a aprender:**

- Integrar o plan de traballo da unidade nas estruturas de coñecemento dos alumnos e das alumnas mediante o uso de esquemas de contidos.

- Exercitar actividades musicais vinculadas ás características do son coñecendo as capacidades dos alumnos.

**- Comunicación lingüística:**

- Entoar, con precisión, cancións de música popular urbana.

**- Tratamento da información e competencia dixital:**

- Coñecer o labor do produtor ou da produtora musical, as súas funcións e os traballos que realiza.

**- Matemática:**

- Desenvolver a través da práctica dos pulsos regulares, o coñecemento do compás e as distintas figuras musicais.

## **OBXECTIVOS**

1. Ter coñecemento do concepto de son e as súas características.
2. Coñecer as partes do oído.
3. Coñecer os límites do oído humano con respecto á altura e á intensidade do son.
4. Interiorizar o pulso e levalo con precisión en diferentes audicións.
5. Saber dos tipos de compases simples que se utilizan con maior asiduidade.
6. Recoñecer as figuras musicais e a súa duración.
7. Adquirir destrezas básicas na execución de estruturas rítmicas sinxelas.
8. Interpretar vocal e instrumentalmente cancións da música popular urbana coa técnica precisa.
9. Coñecer e interpretar pezas cos instrumentos de láminas adaptados a escolares, así como o resto dos instrumentos presentes na aula.
10. Expresarse corporalmente a través de danza e valorarala como medio de expresión.
11. Montar pezas rítmica utilizando a percusión corporal, percusión de vasos, ou outros medios sinxelos de acompañamento.

## CONTIDOS TEMPORALIZADOS

Tres últimas semanas de setembro e primeira semana de outubro

### ESCOITA

- O son e as súas características.
- Partes do oído.
- A altura e a intensidade percibida polo oído.
- Audicións: «Venus», *Os planetas*, de Holst; «Ecce Gratum», *Carmina Burana*, de C. Orff; *Danza húngara*, de Béla Bartók.
- Lectura de estruturas rítmicas e melódicas.

### INTERPRETACIÓN

- Os pulsos e as figuras musicais.
- O compás e o acento natural.
- Fragmentos rítmicos e melódicos con sílabas rítmicas, percusión corporal e instrumentos.
- Fragmentos melódicos de acompañamento a unha audición.
- Música popular urbana con instrumentos de láminas, frauta e voz: *Big, Big, World*, de Emilia; *Always on my Mind*, de W. Nelson.
- Composicións de música académica con instrumentos de aula: *Danza húngara*, de B. Bartók.

### CREACIÓN

- Peza rítmica con percusión corporal.
- Entoación de melodías sinxelas.
- Improvisación e creación con instrumentos de láminas.
- Experimentación cunha danza escolar.

### CONTEXTOS MUSICAIS

- Os instrumentos de láminas.
- Música académica occidental.
- O produtor e a produtora musical, as súas funcións.
- O museo dos instrumentos: a percusión.
- Respecto polas manifestacións artísticas doutros períodos históricos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Comprende o concepto de son e as súas características.
- 2.1. Sabe as partes das que consta o oído.
- 3.1. Coñece os límites do oído humano con respecto á altura e á intensidade do son.

- 4.1. Interioriza o pulso e lévao con precisión en diferentes audicións.
- 5.1. Coñece e executa correctamente os tipos de compases simples que se utilizan con maior asiduidade.
- 6.1. Recoñece as figuras musicais e a súa duración.
- 7.1. Adquire destrezas básicas na execución de estruturas rítmicas sinxelas.
- 8.1. Interpreta vocal e instrumentalmente cancións de música popular urbana coa técnica precisa.
- 9.1. Comprende con maior detalle os instrumentos de láminas adaptados a escolares.
- 10.1. Ten estratexias para expresarse corporalmente a través de danza.
- 11.1. Sabe montar unha peza rítmica utilizando a percusión corporal.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Discriminar auditivamente as características do son.
- Entender os enunciados das actividades.
- Montar unha peza rítmica con percusión corporal.
- Interpretar con instrumentos melódicos fragmentos musicais sinxelos.
- Adquirir destrezas básicas para interpretar melódicamente unha canción moderna.

### **METODOLOXÍA PARA A UNIDADE 1**

- A partir de preguntas abertas detectar coñecementos previos á unidade 1.
- Desenvolver a capacidade de discriminar as características do son.
- Motivar a escoita activa das audicións e conseguir desenvolver a memoria auditiva para poder discriminar os pulsos e os acentos naturais dunha obra musical.
- Desenvolver a maneira de expresarse vogal, instrumental e corporalmente.
- Estimular a improvisación rítmico-corporal.
- Utilizar a danza como base da expresión musical mediante o intercambio de experiencias xurdidas no grupo.

### **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Caderno de música e actividades propostas polo profesor no caderno.

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE**

- Actividades de detección de ideas previas ao comezo e de repaso ao peche da unidade.
- Probas de avaliación teórico-prácticas correspondentes á unidade.
- Seguimento de avaliación continua no rexistro adxunto.

## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 2

### COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO

#### - Cultural e artística:

- Fomentar o desenvolvemento da capacidade de apreciación e de valoración das distintas manifestacións culturais.

#### - Autonomía e iniciativa persoal:

- Pór en xogo habilidades de discriminación auditiva de distintas estruturas musicais.

#### - Social e cidadá:

- Participar en actividades de análise formal musical compartindo ideas propias co resto dos compañeiros.

#### - Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Interrelacionar a estrutura das formas musicais a estruturas doutra índole que se producen na vida cotiá.

#### - Aprender a aprender:

- Potenciar a atención, a concentración e a memoria auditiva á hora da interpretación.

#### - Comunicación lingüística:

- Entoar, con precisión, cancións de música popular urbana.

#### - Tratamento da información e competencia dixital:

- Obter información sobre a toma de son.

#### - Matemática:

- Desenvolver a capacidade de interpretar estruturas rítmicas que utilicen corcheas a contratempo.

- Comprender a estrutura interna das obras musicais e o sentido das proporcións.

## **OBXECTIVOS**

1. Ter coñecemento da importancia de desenvolver a memoria auditiva.
2. Coñecer o que entendemos por forma musical e a estrutura da forma canción con e sen retrouso.
3. Coñecer os elementos que conforman a frase musical.
4. Saber dos tipos de tempos e recoñecelos auditivamente.
5. Aprender a recoñecer auditivamente as variacións de tempo ou contrastes agónicos.
6. Adquirir destrezas básicas na execución de estruturas rítmicas que utilicen corcheas a contratempo.
7. Interpretar vocal e instrumentalmente cancións de música popular urbana coa técnica precisa.
8. Coñecer a orixe e a evolución da frauta.
9. Saber expresarse corporalmente a través da danza, en concreto, un *minué*.
10. Saber en que consisten os cotidiáfonos utilizados para sonorizar efectos nunha narración.

## **CONTIDOS TEMPORALIZADOS**

Tres últimas semanas de outubro e primeira semana de novembro

### ESCOITA

- O tempo e a memoria auditiva.
- A forma musical. A forma canción.
- A frase musical.
- O tempo e as variacións de tempo.
- Audicións: *Higway to Hell*, de AC/DC; «A galiña», *Sinfonía 83*, de J. Haydn; danza do «Acto II», ópera *Orfeo e Eurídice*, de Gluck; *Twist and Shout*, de Phil Medley e Bert Russell.
- Lectura de estruturas rítmicas con sílabas rítmicas.

### INTERPRETACIÓN

- O tempo e as variacións.
- Practica: a corchea a contratempo.
- Fragmentos rítmicos e melódicos con sílabas rítmicas, percusión corporal e instrumentos.
- Fragmentos melódicos baseados en tres notas: Mi, Sol, La.
- Música popular urbana con instrumentos de láminas, frauta e voz: *Stand by Me*, de B.B. King.
- Composicións de música académica con instrumentos de aula: «Orfeo», ópera *Orfeo e Eurídice*, de Gluck.

### CREACIÓN

- Sonorización dunha narración.
- Entoación de melodías sinxelas.
- Improvisación e creación coa frauta.
- Experimentación cunha danza popular: o *minué*.

### CONTEXTOS MUSICAIS

- A frauta, orixe e evolución.
- Música académica occidental.
- Mundo dixital: a toma de son.
- O museo dos instrumentos: a percusión.
- Respecto polas manifestacións artísticas doutros períodos históricos.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE 2**

- 1.1. Entende a importancia de desenvolver a memoria auditiva para adquirir unha maior comprensión da obra musical.
- 2.1. Coñece os elementos fundamentais que conforman a frase musical.
- 3.1. Sabe o que entendemos por forma musical e coñece e discrimina auditivamente a estrutura da forma canción con e sen retrouso.
- 4.1. Coñece os tipos de tempos e recoñéceos auditivamente.
- 5.1. Recoñece auditivamente as variacións de tempo ou contrastes agónicos.
- 6.1. Adquire destrezas básicas na execución de estruturas rítmicas que utilicen corcheas a contratempo.
- 7.1. Interpreta vocal e instrumentalmente cancións de música popular urbana coa técnica precisa.
- 8.1. É coñecedor da orixe e da evolución da frauta.
- 9.1. Exprésase corporalmente a través da danza, en concreto, un *minué*.
- 10.1. Ten coñecemento dos cotidiáfonos utilizados para sonorizar efectos nunha narración.

### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

- Entender os enunciados das actividades.
- Saber como se constitúe a frase musical.
- Saber discriminar auditivamente os tempos.
- Interpretar compases rítmicos nos cales se utilice a estrutura de corcheas a contratempo.
- Interpretar con instrumentos melódicos fragmentos musicais sinxelos.
- Adquirir destrezas básicas para interpretar melodicamente unha canción moderna.

### **METODOLOXÍA PARA A UNIDADE 2**

- A partir de preguntas abertas detectar coñecementos previos á unidade 2.
- Motivar a escoita activa das audicións e conseguir desenvolver a memoria auditiva para

poder discriminar as diferentes seccións dunha obra musical.

- Desenvolver a capacidade de discriminar o tempo nas audicións.
- Desenvolver a maneira de expresarse vogal, instrumental e corporalmente.
- Utilizar a danza como base da expresión musical.

### **MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Caderno de música.
- CD's de audio.

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA UNIDADE**

- Actividades de detección de ideas previas ao comezo e de repaso ao peche da unidade.
- Probas de avaliación teórico-prácticas correspondentes á unidade.
- Seguimento de avaliación continua no rexistro adxunto.

### **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 3**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO**

**- Cultural e artística:**

- Comprender a estrutura dos motivos musicais a través da súa composición.
- Apreciar e valorar as distintas manifestacións culturais e artísticas.

**- Autonomía e iniciativa persoal:**

- Participar activamente no traballo colaborativo e desinhibición fronte á interpretación musical.
- Desenvolver o valor persoal da perseveranza e a autoestima nas actividades da práctica instrumental e da creatividade e improvisación.

**- Comunicación lingüística:**

- Expresar adecuadamente ideas e emocións suscitadas tras a audición da obra dun gran compositor.
- Entoar con precisión cancións de música popular urbana.

**- Coñecemento e interacción co mundo físico:**

- Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- Relacionar altura de son coa expresión corporal (movementos ascendentes e descendentes).

**- Aprender a aprender:**

- Favorecer a integración do plan de traballo da unidade nas estruturas de coñecemento dos alumnos e das alumnas mediante o uso de esquemas de contidos.



- Coñecer a clasificación dos instrumentos de corda.
- Desenvolver a creación musical baseándose no motivo musical como célula mínima.
- **Matemática:**
- Pór en práctica procesos de razoamento para a comprensión de estruturas rítmicas.

## OBXECTIVOS

1. Ter coñecemento do concepto de motivo musical.
2. Coñecer os tipos de motivos máis representativos.
3. Adquirir destrezas básicas para crear e transformar motivos.
4. Coñecer os signos que se utilizan en música para indicar a repetición con diferente final e a volta ao principio.
6. Ter coñecemento da clasificación dos instrumentos de corda.
7. Adquirir destrezas básicas na execución de estruturas rítmicas sinxelas.
8. Interpretar vocal e instrumentalmente cancións da música popular urbana coa técnica precisa.
9. Expresarse corporalmente a través de danza.
10. Saber construír un monocordio con materiais sinxelos.
11. Crear en grupo motivos musicais.

## CONTIDOS TEMPORALIZADOS

Tres últimas semanas de novembro

### ESCOITA

- O motivo musical. Tipos.
- Creación e transformación do motivo.
- Signos utilizados para indicar a repetición con diferente final e a volta ao principio.
- Audicións: *Quinta Sinfonía*, de Beethoven; *Sinfonía 40*, de Mozart; *A rosa dos ventos*, de Txus Difellatio; *Sinfonía nº 8*, de Beethoven;
- Lectura de estruturas rítmicas con sílabas rítmicas *taam - ta* e *tai - ti*.

### INTERPRETACIÓN

- A repetición con diferente final e a volta ao principio.
- A negra con puntillo e corchea.
- Fragmentos rítmicos e melódicos con sílabas rítmicas, percusión corporal e instrumentos.
- Fragmentos melódicos de acompañamento á audición.
- Música popular urbana con instrumentos de láminas, fruta e voz: *Jingle Bells*, panxoliña popular, e *For Auld Lang Syne*, de R. Burns.

## CREACIÓN

- Motivos musicais.
- Entoación de melodías sinxelas.
- Improvisación e creación con instrumentos de corda.
- Interpretación dunha danza escolar: *Pintando*, de E. Gancedo.

## CONTEXTOS MUSICAIS

- Os instrumentos de corda.
- Música académica occidental.
- O taller do *lutier*: o monocordio.
- O museo dos instrumentos: a corda fretada.
- Respecto polas manifestacións artísticas doutros períodos históricos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1.1. Comprende o concepto de motivo musical.
- 2.1. Sabe os tipos de motivos máis representativos.
- 3.1. Adquire destrezas básicas para crear e transformar motivos.
### **CONTRIBUCIÓNS Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

Dende o departamento de Música formentarase é incidirase no reforzo do PLAN DE CONVIVENCIA dende os seguintes aspectos:

- Educar na tolerancia e o respecto das opinións dos demais aínda cando estas non se correspondan cos nosos gustos ou preferencias.
  - Practicar e pór en valor a atención e o respecto ó profesor valorando os seus consellos e apreciacións e comentando ou expresando ante el aqueles puntos cos que non estamos dacordo e que poden ser modificados para a súa mellora.
- Comprender e pór en práctica o respecto polos demais sabendo que coa nosa actitude

podemos axudar a que entendan.

- Axudar e colaborar nas actividades de grupo integrándose no grupo e participando activamente.

- Axudar a que exista unha comunicación entre o alumnado e que isto o leve á resolución de posibles conflitos e desavenencias de xeito que aprendan a solventar estas problemáticas cos seus propios medios e exerciten así “a mediación” como un elemento imprescindible.

- Ser conscientes das palabras, expresións e actitudes que entorpecen o feito educativo e e reconducilas de xeito que sexan proveitosas para a aula e os compañeiros.

### **PROXECTO TIC NA MATERIA DE MÚSICA**

- Na época que nos toca vivir, faixe imprescindible o uso e o coñecemento das novas tecnoloxías. Na era da informática e internet, o sistema educativo debe apoiar uso desas novas tecnoloxías.

- Tamén debe ser unha ferramenta para a educación do alumno: para recoller información, para completar temas dados na aula, para facer traballos que completen ou incluso formen parte da evolución do alumno.

- Dende a materia de música usarémolo da seguinte maneira:

- Buscar datos en internet.

- Propoñer un tema e buscar información na rede, axudando aos alumnos a discernir o que é información e o que é intoxicación, teoricamente falando.

- Creación de partituras, ou amosar pequena noção de como se pode escribir música en ordenador.

- Explicar como é un sistema de gravación de música en ordenador, incluso facendo gravacións na aula para que se escoiten.

- Estas actividades realizaranse nas aulas de informática as que dispoña o centro ou ben na aula de música, levando un ordenador con tarxeta de son e un proxector.

- Na aula o recurso informático é básico para un bo desenvolvemento da materia. Hai que ter en conta que internet ofrece unhas grandísimas posibilidades de información

- Concertos en directo, gravación de obras, páxinas web con datos- . Unhas das utilidades máis grandes é amosar aos alumnos certos instrumentos e gravación que o seminario de música non posúe, e que si pode sacar da rede.

### **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Como medio para avaliar a propia programación teremos que ter en conta:

- O grado de cumprimento do exposto a nivel de contidos, temporalización, etc...

- A porcentaxe de alumnado que obten unha nota de aprobado, de xeito que se se dan casos de porcentaxes de aprobados inferiores a un rango comprendido entre 50% e 70% deberá facerse unha análise dos motivos e a xustificación dos mesmos. Asimesmo poderá estipularse como medida nestes casos a comparativa cos resultados de asignaturas semellantes á música, e dicir, do ámbito cultural ou artístico.





| I.E.S. ALLARIZ            |                                         |                                       |                 |                |
|---------------------------|-----------------------------------------|---------------------------------------|-----------------|----------------|
| <b>CURSO</b>              | <b>4º E.S.O.</b>                        |                                       | <b>Cód</b>      | <b>S240000</b> |
| <b>ASIGNATURA</b>         | <b>MÚSICA 4º E.S.O.</b>                 |                                       |                 |                |
| <b>PROFESOR/A (ES/AS)</b> | <b>DANIEL ALEXANDRE IGLESIAS LOSADA</b> |                                       |                 |                |
| <b>LIBRO DE TEXTO</b>     | <i>Título</i>                           | <b>SEN LIBRO DE TEXTO OBRIGATORIO</b> |                 |                |
|                           | <i>Autor</i>                            |                                       |                 |                |
|                           | <i>Editorial</i>                        |                                       | <i>ISBN</i>     |                |
|                           | <i>Data Autoriz.</i>                    |                                       | <b>Castelán</b> | <b>Galego</b>  |

## INTRODUCCIÓN

1. **Obxectivos xerais de Educación Secundaria.**
2. **Obxectivos da área de Música.**
3. **Descritores.**
4. **Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.**
5. **Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliábeis.**
6. **Criterios metodolóxicos e estratexias didácticas xerais para utilizar na área.**
7. **Actividades complementarias.**
8. **Evidencias para o portfolio.**
9. **Criterios de cualificación e promoción.**
10. **Recursos didácticos.**
11. **Medidas de atención á diversidade e inclusión.**
12. **Avaliación da programación didáctica.**



## 1. OBXETIVOS E AREAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## 2. OBXETIVOS DA AREA DE MÚSICA NA ESO

1. Interpretar de forma grupal cancións ou coreografías a través da descodificación de partituras ou grafías non convencionais.

2. Contribuír ao desenvolvemento musical da comunidade educativa, participando en actuacións, ensaios e outros medios de difusión da música.
3. Desenvolver a capacidade compositiva a través de diferentes técnicas e recursos.
4. Coñecer as distintas profesións que rodean a creación, a edición e a difusión musical.
5. Utilizar a audición e a análise de partituras, textos ou musicogramas como medios para a análise e a descrición dos distintos xéneros musicais.
6. Xerar un criterio crítico á hora de comprender e analizar os distintos xéneros musicais.
7. Manexar a linguaxe técnica apropiada na análise de obras e situacións musicais.
8. Clasificar as obras musicais segundo o seu tempo, época ou cultura, estilo e autor, mostrando respecto polos distintos xéneros e ampliando as súas preferencias.
9. Dirimir a función da música en cada contexto.
10. Coñecer e respectar o patrimonio musical español e contribuír á súa conservación e transmisión.
11. Valorar as distintas manifestacións musicais como fonte de enriquecemento musical.
12. Extrapolar o coñecemento da música para expresarse a través doutras manifestacións artísticas.
13. Descubrir a singularidade da música e as tendencias actuais.
14. Recoñecer o papel das tecnoloxías na transmisión, modernización e formación musical.
15. Utilizar distintas técnicas de rexistro e gravación musical como medio para evidenciar os avances musicais.
16. Recoñecer a importancia da música nos medios de comunicación.
17. Optimizar o uso de ferramentas tecnolóxicas aplicadas á música.

### 3. DESCRITORES

| COMPETENCIAS CLAVE                                                           | INDICADORES                                     | DESCRITORES                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i> | Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</li> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul> |
|                                                                              | Vida saudable                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.</li> </ul>                                                                                                                                                   |
|                                                                              | A ciencia no día a día                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> </ul>                                                                                                                 |

|                                 |                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|---------------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                 |                                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|                                 | Manexo de elementos matemáticos             | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.</li> </ul>                                                                                                        |
|                                 | Razoamento lóxico e resolución de problemas | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</li> <li>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.</li> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>                                                                                                                                                                                               |
| <i>Comunicación lingüística</i> | Comprensión: oral e escrita                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
|                                 | Expresión: oral e escrita                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>                                                                                                                               |
|                                 | Normas de comunicación                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>                                                                                                                                                                                          |
|                                 | Comunicación noutras linguas                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.</li> </ul> |
| <i>Competencia dixital</i>      | Tecnoloxías da información                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |

|                                          |                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|------------------------------------------|----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                          |                                                          | <p>busca de información.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>                                                                                                                                                                                     |
|                                          | Comunicación audiovisual                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                |
|                                          | Utilización de ferramentas dixitais                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>                                                                                                                                                                      |
| <i>Conciencia e expresións culturais</i> | Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.</li> <li>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul> |
|                                          | Expresión cultural e artística                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>                                                                                                                                    |
| <i>Competencias sociais e cívicas</i>    | Educación cívica e constitucional                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>                                                                                   |
|                                          | Relación cos demais                                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> </ul>                                                                                                                                                                        |

|                                                     |                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|-----------------------------------------------------|--------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                     |                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|                                                     | Compromiso social  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>- Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul> |
| <i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i> | Autonomía persoal  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>                                     |
|                                                     | Liderado           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.</li> </ul>                                                                  |
|                                                     | Creatividade       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.</li> </ul>                                                                                                   |
|                                                     | Emprendemento      | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>     |
| <i>Aprender a aprender</i>                          | Perfil de aprendiz | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>                        |

|  |                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|--|-------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | Ferramentas para estimular o pensamento   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>                                                                                                                                                          |
|  | Planificación e avaliación da aprendizaxe | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.</li> <li>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</li> </ul> |

#### 4. CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

##### *Descrición do modelo competencial*

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes paires que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, deberanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

##### *Na área de Música*

Na área de Música incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.



### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

A área de Música contribúe a esta competencia de xeito significativo porque promove condutas e adquisición de valores responsables co ben común inmediato no que afecta ao coidado do ambiente, para conseguir un contorno libre de ruídos e de contaminación acústica. Ademais, contribúe, a través da aplicación de métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, na creación e mellora de instrumentos musicais e as súas formacións ao longo da historia e en todas as culturas do mundo.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que arredor nosa e responder preguntas.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### *Comunicación lingüística*

A comunicación lingüística na área de Música será o resultado da acción comunicativa dentro das prácticas musicais e manifestarase tamén pola expresión adecuada das propias ideas en contextos comunicativos de análise, creación e interpretación, así como no traballo sobre a respiración, a dicción, a articulación e a expresión adecuadas. Ademais, no seu formato non verbal, o individuo tamén desenvolve as súas capacidades comunicativas grazas ás cales expande a súa competencia e a súa capacidade de interacción con outros individuos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

*En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### *Competencia dixital*

Contribuirase ao desenvolvemento da competencia dixital na elaboración de traballos de investigación individuais e/ou en grupo, xa que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación, accedendo, xestionando e manexando diferentes motores de busca e bases de datos, e transformando esta información en coñecemento.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

### *Conciencia e expresións culturais*

A través da área os alumnos e as alumnas accederán ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural e musical, coa concreción destas en diferentes autores e obras, así como en distintos xéneros e estilos. Desenvolverán a iniciativa, a imaxinación e a creatividade expresadas a través de códigos artísticos, comprendendo o patrimonio cultural e artístico dos distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean. Ao mesmo tempo, traballarán a capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas. Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións musicais a través do estudo, a análise e a interpretación das súas obras características.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

#### *Competencias sociais e cívicas*

Contribuiremos a esta competencia a través da implicación e a interacción con outras persoas dentro dun grupo, conforme normas baseadas no respecto mutuo en todas as actividades musicais realizadas. Desenvolve o sentido da responsabilidade, mostrando comprensión e respecto aos valores e ideas alleas, e a recepción reflexiva e crítica da información sobre as manifestacións e actividades musicais.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

#### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Propoñeranse ao alumnado actividades que impliquen a capacidade de transformar as ideas en actos polo desenvolvemento de actitudes que leven consigo un cambio de mentalidade, capacidade de pensar de forma creativa, autoconecemento e autoestima, autonomía ou independencia, interese, esforzo e espírito emprendedor, sentido crítico e da responsabilidade.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

#### *Aprender a aprender*

Contribuiremos á competencia de aprender a aprender, caracterizada pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, onde a motivación e a confianza son cruciais para desenvolver aprendizaxes cada vez máis eficaces. Así mesmo, traballarase esta competencia a través da ampliación das habilidades de expresión, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación e a improvisación, tanto individual coma colectiva, así como mediante a xeneralización do seu cultivo no tempo de ocio.

Os descritores para esta competencia serán:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## **5. ORGANIZACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS E DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que se presentan constitúen unha selección dos propostos para cuarto curso da ESO.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. A interpretación vocal e instrumental e o movemento e a danza: afondamento nas habilidades técnicas e interpretativas.
2. Técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, a elaboración de arranxos e a creación de pezas musicais.
3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de representacións musicais na aula e noutros espazos e contextos.
4. Identificación e descrición dos ámbitos profesionais relacionados coa música.

### **Bloque 2. escoita**

1. A música como elemento de constante presenza na vida das persoas: a audición de música na vida cotiá, nos espectáculos e nos medios audiovisuais.
2. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros e estilos.
3. Fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais en vivo e divulgadas a través dos medios de comunicación.
4. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e modas musicais.
5. A crítica como medio de información e valoración do feito musical.
6. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. A orixe da música popular urbana: o salón, o teatro e as variedades. O jazz: orixe, evolución e difusión. Movementsos da música popular urbana actual. A música popular xuvenil: aspectos estéticos e sociolóxicos.
2. A música española: música culta e música tradicional.
3. A música na España medieval e renacentista. O Barroco: teatro musical, música relixiosa e civil. Música e sociedade decimonónica. A música española nos séculos XX e XXI.
4. Zonificación da música tradicional en España. O canto e a danza na música tradicional española. Organoloxía da música tradicional en España. O flamenco.
5. Músicas do mundo: Folclore, etnomusicoloxía e antropoloxía da música. A música tradicional e popular en Iberoamérica. A música doutras culturas: África e Afastado Oriente.

### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. O papel das tecnoloxías na música. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.
2. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de Internet e «software» musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
3. A gravación audiovisual. Sistemas de gravación: analóxico e dixital. Evolución das técnicas de gravación e reprodución do son.
4. Análise das funcións da música en distintas producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.
5. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
6. Utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.
7. As redes sociais e a música. Ámbitos virtuais de aprendizaxe. Aplicacións de páxinas web para a aprendizaxe musical.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

1. Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal, instrumental ou unha coreografía aprendidas de memoria a través da audición ou observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.
2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.
3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.
4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais.

### **Bloque 2. Escoita**

1. Analizar e describir as principais características de diferentes pezas musicais, apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.
2. Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en distintas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.
3. Utilizar a terminoloxía adecuada na análise de obras e situacións musicais.
4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época, a cultura e o estilo das distintas obras musicais escoitadas previamente na aula, mostrando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.
5. Distinguir as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.
6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e comprender o valor de conservala e transmitila.
2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
3. Relacionar a música con outras manifestacións artísticas.
4. Coñecer os principais grupos e tendencias da música popular actual.

### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.
2. Aplicar as diferentes técnicas de gravación, analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.
4. Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión, cine e as súas aplicacións na publicidade, videoxogos e outras aplicacións tecnolóxicas.
5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música, utilizándoas con autonomía.

## **ESTANDARES DE APRENDIZAXE**

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

- 1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación. Colabora co grupo e

- respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
- 1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
  - 2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
  - 3.1. Coñece e utiliza adecuadamente diferentes técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compoñer música.
  - 3.2. Utiliza con autonomía diferentes recursos informáticos ao servizo da creación musical.
  - 4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en distintas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada unha das fases do proceso polos diferentes profesionais que interveñen.

## **Bloque 2. escoita**

- 1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
- 1.2. Le partituras como apoio á audición.
- 2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
- 3.1. Utiliza con rigor un vocabulario adecuado para describir a música.
- 4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais e descríbeos utilizando unha terminoloxía adecuada.
- 4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
- 4.3. Mostra interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
- 5.1. Mostra unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e a promoción da música.
- 6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.

## **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

- 1.1. Mostra interese por coñecer o patrimonio musical español.
- 1.2. Coñece os testemuños máis importantes do patrimonio musical español, situándoos no seu contexto histórico e social.
- 2.1. Analiza, a través da audición, músicas de distintos lugares do mundo, identificando as súas características fundamentais.
- 2.2. Recoñece as características básicas da música española e da música popular urbana.
- 3.1. Elabora traballos nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
- 4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
- 4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expoñer os contidos de xeito claro.

## **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

- 1.1. Selecciona recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
- 1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
- 2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
- 3.1. Sabe buscar e seleccionar fragmentos musicais adecuados para sonorizar secuencias de imaxes.
- 3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
- 4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.
- 5.1. Mostra interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
- 5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- 5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode usala e transmitila a través de distintos soportes.
- 5.4. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as diferentes actividades da aula.

## 6. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS XERAIS PARA DESENVOLVER NA AULA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Música:

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coa música da África subsahariana.
- Obtemos información complementaria sobre a música da África subsahariana na PD.
- Realizamos a tarefa do LA e actividades para traballar a música da África subsahariana dun xeito activo.
- Coñecemos o musical na PD.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 3:** A música asiática.

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coa música asiática.
- Obtemos información complementaria sobre a música asiática na PD.
- Realizamos a tarefa do LA e actividades para traballar a música asiática dun xeito activo.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 4:** A cultura musical de Oceanía.

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coa cultura musical de Oceanía.
- Obtemos información complementaria sobre a música en Oceanía na PD.
- Realizamos a tarefa do LA e actividades para traballar a música en Oceanía dun xeito activo.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 5:** A música tradicional americana.

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coa música tradicional americana e as súas características.
- Obtemos información complementaria sobre a música tradicional americana na PD.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 6:** A música tradicional española.

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coa música tradicional española e as súas características.
- Obtemos información complementaria sobre a música tradicional española na PD.
- Realizamos a tarefa do LA e as actividades para traballar a música tradicional española dun xeito activo.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita estimular a experiencia musical mediante a participación na interpretación instrumental. Inculcar a importancia do silencio para a escoita atenta das audicións propostas.
- Actividades de posta en práctica das recomendacións básicas para a interpretación de melodías coa frauta doce. Utilización do xogo cooperativo como base da expresión musical utilizando metodoloxías activas, involucrando o alumnado nas actividades de forma activa, participativa e cooperativa.
- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Partir das sílabas rítmicas para facilitar o acompañamento de ritmos máis complexos.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estimular a improvisación rítmico-corporal.
- Exposición do profesorado.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, as actividades de reforzo e ampliación, e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- A frauta doce, instrumentos de percusión e de láminas. Instrumental Orff.
- Información sobre outros compositores de zarzuela.

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe do alumnado acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## Unidade 9

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: Descritores e Desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

# 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

## **Título**

*A historia da nosa música*

## **Descrición da unidade**

Os contidos da unidade teñen por obxecto introducir o alumnado na historia da nosa música propiamente dita. Preténdese que o alumnado teña curiosidade por coñecer que música se interpretaba no medievo, no renacemento, no barroco, no clasicismo, no romanticismo e no s. XX ata os nosos días. Que reflexione sobre o papel da música na sociedade española de cada un dos períodos artísticos. Que se interne en coñecer as diferentes formas musicais e xéneros musicais que se desenvolveron en España desde o medievo ata a actualidade. Finalmente, complétase a unidade cun apartado para obter información sobre os instrumentos transpositores.

A secuencia deste estudo realízase en sete dobres páxinas:

- A música na Idade Media española.
- O renacemento musical español.
- A música no barroco español.
- A música no clasicismo español. Formas musicais.
- O s. XIX español. As correntes nacionalistas.
- A música española desde o s. XX ata a actualidade.
- Taller de interpretación: interpreta *Villanesca*, unha danza de Granados.
- O muro musical: música con denominación de orixe: o flamenco.
- Os instrumentos transpositores.

A través das actividades propostas na unidade perséguese que os alumnos e as alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Cal é a orixe da polifonía medieval española?
- Cales son as formas musicais máis características do renacemento español?
- A música do barroco español e as súas características.
- Cales son as principais características da música do clasicismo español?
- Cales son as correntes nacionalistas do s. XIX en España.
- A música do s. XX español.
- En que consisten os instrumentos transpositores?

## **Temporalización:**

Maio:  Xuño: 

# 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer cal é a orixe da polifonía medieval española e as características da monodia medieval.
- Ter coñecemento de cales son as formas musicais máis características do renacemento español.
- Coñecer a importancia da música no barroco español e as súas características.
- Coñecer as principais características da música do clasicismo español.
- Saber as características da música romántica española e da música nacionalista.
- Coñecer a figura de Manuel de Falla como figura influente do s. XX español.
- Ter coñecemento da existencia da xeración de compositores españois do 27 e da xeración do 51.
- Participar nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.
- Saber en que consisten os instrumentos transpositores.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

|                    | Contidos                                                                                                                    | Criterios de avaliación                                                              | Estándares de aprendizaxe avaliáveis                                                  | CC                         |
|--------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|
| ESCOITA            | - A música do clasicismo español.<br>- Audición: <i>Fandango</i> do Quinteto en Re maior de Luigi Boccherini.               | 1. Recoñecer auditivamente as características da música española clásica.            | 1.1. Recoñece auditivamente as características da música española clásica.            | CSIEE<br>,<br>CCEC         |
|                    | - Manuel de Falla e o s. XX español<br>- Audición: <i>Pregón e Sinfonía de El retablo de Maese Pedro</i> . Manuel de Falla. | 2. Recoñecer a importancia de Manuel de Falla no panorama musical do s. XX.          | 2.1. Recoñece a importancia de Manuel de Falla no panorama musical do s. XX.          | CAA,<br>CSIEE<br>,<br>CCEC |
| CONTEXTOS MUSICAIS | - A música na Idade Media española.                                                                                         | 4. Ter coñecemento da música monódica e polifónica medieval española.                | 4.1. Ten coñecemento da música monódica e polifónica medieval española.               | CCEC,<br>CAA,<br>CCL       |
|                    | - O renacemento musical español.                                                                                            | 5. Coñecer cales son as formas musicais máis características do renacemento español. | 5.1. Coñece cales son as formas musicais máis características do renacemento español. | CCEC,<br>CAA,<br>CCL       |
|                    | - A música no barroco español.                                                                                              | 6. Saber a importancia da música do barroco español e as súas características.       | 6.1. Sabe a importancia da música do barroco español e as súas características.       | CCEC,<br>CAA,<br>CCL       |
|                    | - A música no clasicismo español. Formas musicais.                                                                          | 7. Coñecer as principais características e formas da música do clasicismo español.   | 7.1. Coñece as principais características e formas da música do clasicismo español.   | CCEC,<br>CAA,<br>CCL       |
|                    | - O s. XIX español. As correntes nacionalistas.                                                                             | 8. Saber as características da música romántica española.                            | 8.1. Sabe as características da música romántica española.                            | CCEC,<br>CAA,<br>CCL       |
|                    | - O s. XX español. Xeración do 27 e do 51.                                                                                  | 9. Coñecer a figura de Manuel de Falla, a xeración de compositores do 27 e do 51.    | 9.1. Coñece a figura de Manuel de Falla, a xeración de compositores do 27 e do 51.    | CCEC,<br>CAA,<br>CCL       |



## 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos e das alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

| Estándares de aprendizaxe avaliábeis                                                  | Selección de evidencias para o portfolio                                                                                                                                                                                                                      |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.1. Recoñece auditivamente as características da música española clásica.            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de escoita atenta das audicións activas e fragmentos musicais propostos no LA.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>                            |
| 2.1. Recoñece a importancia de Manuel de Falla no panorama musical do s. XX.          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de escoita e visionado atento das audicións activas de videoclips propostos no LA.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>                        |
| 3.1. Participa nas actividades de interpretación instrumental de forma activa.        | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de escoita atenta e interpretación das audicións activas e fragmentos musicais propostos no LA.</li> <li>- Actividades previas suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>   |
| 4.1. Ten coñecemento da música monódica e polifónica medieval española.               | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de comprensión do texto contemplado no LA.</li> <li>- Actividades previas suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>                                                        |
| 5.1. Coñece cales son as formas musicais máis características do renacemento español. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do LA de adquisición de coñecemento sobre as formas musicais máis características do renacemento español.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul> |
| 6.1. Sabe a importancia da música do barroco español e as súas características.       | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de ampliación de información no LA.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>                                                                       |
| 7.1. Coñece as principais características e formas da música do clasicismo español.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de escoita atenta das audicións activas e fragmentos musicais propostos no LA.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>                            |
| 8.1. Sabe as características da música romántica española.                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>                                                                                                                                  |
| 9.1. Coñece a figura de Manuel de Falla, a                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do LA de adquisición de</li> </ul>                                                                                                                                                                       |



|                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>xeración de compositores do 27 e do 51.</p>                                                        | <p>coñecemento sobre a figura de Manuel de Falla, a xeración de compositores do 27 e do 51 propostos no LA.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul>            |
| <p>10.1. Adquire estratexias de busca avanzada de vídeos de música española aloxados en Internet.</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitude activa no coñecemento sobre as redes sociais como ferramentas de difusión da música que aparece no LA.</li> <li>- Actividades suxeridas na PD para reforzar e ampliar o devandito contido.</li> </ul> |

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

| Competencia                                                                   | Descritor                                                                                                                             | Desempeño                                                                                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <i>Comunicación lingüística.</i>                                              | Seguir as explicacións e instrucións orais para realizar as tarefas.                                                                  | Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda externa do profesorado.                                            |
|                                                                               | Comprender o sentido dos textos orais e escritos.                                                                                     | Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do ámbito.                   |
|                                                                               | Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.                          | Pon atención ás explicacións e respecta a quenda de intervención nas actividades de grupo.                                    |
| <i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i> | Comprender o uso natural da voz e a voz cantada de xeito respectuoso co contorno.                                                     | Escoita con actitude atenta e respectuosa os distintos rexistros de voz.                                                      |
| <i>Competencia dixital.</i>                                                   | Adquirir a competencia dixital para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.                                                    | Utiliza os reprodutores de audio, o encerado dixital e Internet para facilitar o acceso á ampliación dos contidos da unidade. |
|                                                                               | Empregar distintas fontes para a busca de información.                                                                                | Busca información en dicionarios, enciclopedias e diferentes páxinas de Internet para afondar e ampliar coñecementos.         |
| <i>Aprender a aprender.</i>                                                   | Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.                                                            | Desenvolve a capacidade de observación e de recoñecemento auditivo nas cuñas publicitarias.                                   |
| <i>Competencias sociais e cívicas.</i>                                        | Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.                                                     | Respecta as achegas individuais dos demais compañeiros e compañeiras.                                                         |
|                                                                               | Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.                                         | Participa e compórtase con responsabilidade nas actividades de interpretación en grupo.                                       |
| <i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>                          | Desenvolver a iniciativa do alumno, de xeito individual e grupal, para adquirir estratexias de risco ante novos retos de aprendizaxe. | Demostra interese, constancia e iniciativa na participación de actividades grupais.                                           |
|                                                                               | Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais nas actividades relacionadas coa interpretación.                   |                                                                                                                               |

|                                           |                                                           |                                                                           |
|-------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| <i>Conciencia e expresións culturais.</i> | Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. | Interpreta con instrumentos de forma expresiva as composicións propostas. |
|-------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### **Tarefa 1:** A música na Idade Media española

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada coa música na Idade Media española.
- Obtemos información complementaria da música na Idade Media española nas actividades propostas na PD e RF.
- Coñecemos as suxestións metodolóxicas e anticipamos as tarefas coa PD.

### **Tarefa 2:** O renacemento musical español

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada co renacemento musical español e as súas características.
- Obtemos información complementaria sobre o renacemento musical español e as súas características na PD.
- Realizamos a tarefa do LA e actividades para traballar as características do renacemento musical español.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 3:** A música no barroco español

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada con música no barroco español.
- Obtemos información complementaria sobre a música no barroco español na PD.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 4:** A música no clasicismo español. Formas musicais

- Lemos e comprendemos a información do LA relacionada con música no clasicismo español.
- Obtemos información complementaria sobre as formas musicais clásicas españolas na PD.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 5:** O s. XIX español. As correntes nacionalistas

- Comprendemos en que consiste a música do romanticismo español a través de distintas actividades propostas no LA.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 6:** A música española desde o s. XX ata a actualidade

- Coñecemos os compositores da xeración do 27 e do 51 a través de distintas actividades propostas no LA.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

### **Tarefa 7:** Taller de interpretación

- Comprendemos a música española a través da interpretación da composición *Villanesca*, unha danza de Granados proposta no LA.
- Completamos o noso traballo coas actividades propostas dos RF.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita estimular a experiencia musical mediante a participación na interpretación instrumental. Inculcar a importancia do silencio para a escoita atenta das

audicións propostas.

- Actividades de posta en práctica das recomendacións básicas para a interpretación de melodías coa fruta doce. Utilización do xogo cooperativo como base da expresión musical utilizando metodoloxías activas, involucrando o alumnado nas actividades de forma activa, participativa e cooperativa.
- Detección de ideas previas acerca dos conceptos da unidade.
- Partir das sílabas rítmicas para facilitar o acompañamento de ritmos máis complexos.
- Predisposición á escoita atenta das audicións propostas.
- Estimular a improvisación rítmico-corporal.
- Exposición do profesorado.

## **8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Música:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades para traballar a tarefa, as actividades de reforzo e ampliación, e o rexistro de avaliación.
- Equipo de música con lector de CD audio e os CD audio da proposta didáctica.
- A fruta doce, instrumentos de percusión e de láminas. Instrumental Orff.

nas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe do alumnado acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

## CONTRIBUCIÓNS XERAIS Á METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As clases de Música en 4º da ESO basearanse principalmente na experiencia práctica como medio para fomentar a aprendizaxe do alumnado. A base tomada para a comprensión teórica será esta, de xeito que todo aquilo que poidamos aprender mediante a experiencia non sexa derivado ó marco teórico. Agora ben, esta é só a parte básica e máis atractiva da asignatura pero non podemos esquecer que a música ten tamén unha dimensión teórica que precisa ser traballada, así por exemplo, a escritura musical e a comprensión dos signos e símbolos propios desta linguaxe, o feito de familiarizarse coas familias de instrumentos, cos estilos musicais, etc... . Para elo, empregárase o material facilitado polo profesor en forma de apontamentos, así como as audicións relacionadas co tema ou temas a tratar no momento. Pedirase tamén en certos ámbitos, coma o da música moderna, a colaboración do alumnado en forma de recolección de pezas e elaboración de listas de audición. A nivel práctico traballarase as pezas facilitadas polo profesor, empregando o material e instrumental presente na aula. Todo isto deberá ser alternado de forma que sempre e en todo momento se de ponderancia ó campo práctico como base do coñecemento musical do que derivaremos todo o marco teórico.

Para as clases precisarase o seguinte material:

- Caderno de traballo propio.
- Libreta de apuntes (para pegar as diferentes partituras que se poidan entregar e tomar apontamentos).
- Fruta.

Para o desenvolvemento do currículo empregárase:

- Os instrumentos escolares presentes na aula ( material Orff, teclado, guitarras, piano, etc...) e tamén aqueles que os alumnos poidan aportar.
- A voz como elemento de aprendizaxe e como medio imprescindible para o autocoñecemento e realización propia.
- A discografía presente na aula e mailos discos que conteñen todo o material de audio presente na citada programación que poderán ser elaborados polo profesor ou ben expostos nun [blog educativo](#) á disposición do alumnado.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Existirán dous ambitos diferenciados:

**\* O ámbito teórico ( valorado nun 40% da nota de avaliación )**

**\* O ámbito práctico ( valorado nun 40% da nota de avaliación )**

**\* O 20% restante adicarase a presentación de exercicios, traballo de aula, caderno de traballo ).**

- Cada un dos ámbitos ( teórico e práctico ) considerarase **como independente** e deberá ser superado cunha calificación **media superior a 5**.

- Dentro de cada ámbito, **non se fará media cunha calificación inferior a 4** e a media resultante entre os diferentes exames dun ámbito deberá superar a calificación de 5, segundo o dito no parágrafo anterior.

- No caso dos exames escritos os erros ortográficos e a expresión escrita, poderán ser penalizados segundo o estipulado no Departamento de Lingua Galega, excepto naqueles casos nos que o alumno non sexa pertencente á Comunidade Autonoma Galega ou teña exención de Lingua Galega. Nestes casos axudaráselle ó alumno a acadar unha expresión adecuada ( no caso de que se incorpore dende outra Comunidade Autónoma )\* Os erros ortográficos, no caso de repetirse, soamente serán computados unha soa vez.

-No caso dos exames teóricos a valoración das preguntas será en función do estipulado en cada pregunta dos exames segundo o traballado e correxido na aula.

- No caso dos exames prácticos realizarase unha grabación do alumno na que se valorarán a expresión musical, a destreza e o traballo realizado polo alumno...

- Un xeito “orientativo” para avaliar dita proba será este cadro:

|                         |                                                                       |
|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Puntuación de 10</b> | Sen erros de medida e interpretación. Expresa correctamente e frasea. |
| <b>Puntuación de 9</b>  | 1 erro breve. Interpreta ben e expresa correctamente.                 |
| <b>Puntuación de 8</b>  | De 2 a 3 erros breves. Interpreta ben e expresa.                      |
| <b>Puntuación de 7</b>  | De 2 a 3 erros.                                                       |
| <b>Puntuación de 6</b>  | 4 erros claros ( erros de medida, posicións )                         |
| <b>Puntuación de 5</b>  | Maís de 5 erros claros ( medida e posicións )                         |
| <b>Puntuación de 4</b>  | 6 erros de medida e posición                                          |
| <b>Puntuación de 3</b>  | 8 erros                                                               |
| <b>Puntuación de 2</b>  | 10 erros                                                              |
| <b>Puntuación de 1</b>  | Intenta tocar e fai algo.                                             |
| <b>Puntuación de 0</b>  | Non presenta nada nin intenta.                                        |

## RECUPERACIONES

- O alumno que teña suspensa a avaliación presentase os exames de recuperación pertinentes, que serán: un para aqueles persoas que teñan suspendido por causa da parte teórica, e o outro para aquelas que suspendan por parte práctica. Aqueles que teñan suspensas ámbalas dúas partes presentaranse ós dous exames (teórico e práctico) coa materia correspondente a cada parte. Aqueles que suspenderan por traballo de aula deberán presentar a libreta na data indicada con todos os traballos correspondentes á avaliación completados.

- Os alumnos que se presenten a recuperación e deberán cumprir cos requisitos anteriormente estipulados para acadar o aprobado na asignatura.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Empregaranse como medios para a avaliación os seguintes elementos.

- Probas ou exames escritos realizados.
- Probas prácticas e preparación das mesmas cos diferentes instrumentos (xilófonos, frautas, etc...)
- Traballos de aula individuais e en grupo.
- Presentación de exercicios realizados durante o trimestre e o curso correspondente.
- Interés por aprender e esmero á hora de afrontar aprendizaxes novas (instrumentais, vocais, ou de música e movemento)

## PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

En primeira instancia e tendo en conta que non coñecemos o nivel do alumnado, procederase a posta en práctica dunha serie de probas para determinar o nivel no que se atopa cada un deles. Estas probas serán de dous tipos:

- E) Probas prácticas: lectura e entoación.
- F) Probas teóricas para ter en conta o nivel de coñecementos do alumno.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Á hora de calificar teranse en conta nas diferentes probas os seguintes elementos:

### E) PROBA TEÓRICA E TRABALLOS PRESENTADOS

- Se o alumno resposta con concreción ás preguntas realizadas.
- Se a expresión é correcta e clara.
- Se introduce termos propios da linguaxe musical que foron previamente explicados e que debe aprender a empregar.
- Se presenta adecuadamente os traballos e as probas.
- Poderase ademais propor na aula outros medios para calificar os traballos, como por exemplo, a inclusión de vídeos e explicacións, imaxes, pequenos fragmentos musicais preparados polos alumnos, etc...

### F) PROBAS PRÁCTICAS



- Se o alumno é capaz de facer unha lectura rítmica da peza examinada
- Se coñece e é capaz de solfexar a partitura.
- Se é capaz de entoar e medir correctamente.
- Adxúntase un cadro no partado de Procedementos de Avaliación polo que se rexerá a práctica instrumental.

## **ABANDONO MANIFESTO**

Considerarase abandono manifesto por parte dun alumno o feito de:

- Non traer o material preciso o longo do curso de xeito que non poida participar ou facer as tarefas encomendadas ó resto dos alumnos. Aquí inclúense instrumentos para as clases de práctica, partituras a traballar, caderno de traballo.
- O non facer as tarefas que se encomendan na clase ou negarse a realización das mesmas.
- O non presentarse ós exames de avaliación de xeito reiterado, sexa no caso dos alumnos propios do curso e grupo no que se imparte música, ou ben dos alumnos que teñen dita asignatura como pendente de anos anteriores. Dito comportamento porase en coñecemento da xunta de avaliación e do titor para que considerando este feito a xunta avaliadora tome unha decisión ó respecto.

## **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE**

Os alumnos coa materia pendente realizarán e entregarán os exercicios esixidos polo profesor de forma periódica e segundo os prazos establecidos previamente. Isto será valorado positivamente polo profesor de cara á avaliación do alumno. Ademais disto realizaranse unha serie de exames ó longo do curso. As normas de calificación son as mesmas que o resto do alumnado do mesmo curso e deberán por tanto acadar os mesmos obxetivos. Se non entregaran os traballos requeridos enfrentaríanse a un único exame final que reuniría todos os contidos presentes ó longo do curso incluídas as actividades recollidas ó longo do ano. Pode ademais facerse un seguimento do alumno na aula no caso de que se atope nun curso superior para ver o avance que ten nese curso na mesma materia que está pendente, aproveitando así dita situación para reforzar aqueles contidos que teñen que ver coa materia do curso anterior.

No caso dos alumnos con materia pendente considerarase como abandono manifesto:

- O feito de non presentar as tarefas de xeito reiterado e desentenderse dos avisos do profesor respecto a este comportamento.
- O non presentarse os exames dispostos para avaliar ó alumno. Este comportamento será comunicado á Xunta de Avaliación e ó titor para que se tome en consideración á hora de obter o graduado.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Empregaranse para as clases as coleccións de música de que se dispoñen no instituto, o

material orff co que se complementará as explicacións teóricas sobre o tema a dar. Sera tamén necesario realizar unha serie de traballos acerca de músicos que estan a estudar ou de periodos historicos de certa relevancia. Estes traballos serán expostos na clase.

Os materiais cos que se conta na aula son:

- Pizarra de pentagramas
- Ordenador portatil e proxetor
- Colección de discos Oceano Música
- Cadea Musical ( CD, Cassette, Radio )
- Grabadoras ( 3 )
- Instrumentos musicais Orff ( xilofonos, metalofonos, carillons, claves, maracas, triangulo, pandeiros, flautas, timbais escolares, etc...)
- Piano
- Baixo electrico e amplificador
- Guitarras
- Flautas contralto
- Caixón flamenco

## TEMAS TRANSVERSAIS

Consideranse como temas que se deben de incluír ou tratar na aula, pola súa importancia a nivel de convivencia e de respecto non so cara ó compañeiros, ou a calquera persoa, senón que tamén como temás fundamentais para o propio desenvolvemento como persoa consciente, os seguintes:

- **Educación para a paz:** procurarase a concienciar o alumnado para que este, sexa un valor, non solo nomeado, senón vivido na súa persoa en na súa relación coa comunidade educativa, ensinándolle a valorar e respetar opinións diversas e diferentes e solventar os problemas dun xeito non cal a “non violencia nin verbal nin física” sexa un pilar básico. Procurarase ensinar como a música pode, relaxar, calmar e cambiar o noso estado anímico ademáis de fomentar a empatía e mellorar as nosas relacións cos demáis.
- **Educación para un consumo responsable:** mediante o discernimento de saber que é un ben necesario e que é prescindible. Fomentando a liberdade de elección fronte a compra compulsiva e sendo conscientes de que precisamos moito menos do que creemos para ser felices.
- **Educación para o respecto e conservación da natureza:** mediante a visualización de videos e textos acompañados de música.
- **Educación para respecto e a igualdade entre pobos, razas, etnias e sexos.**

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

Dentro das actividades complementarias que se poderan realizar ó longo do curso inclúense as seguintes:

- Acudirase a un ou varios **Concerto didácticos** dentro da nosa comunidade, coa intención de fomentar o interese do alumnado por este tipo de manifestacións culturais e tamén para ampliar o seu coñecementos no que se refire a Concertos e espazos públicos ( Auditorios ) nos que se veñen realizando as diferentes programacións musicais de xeito regular.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Unha vez realizada a avaliación inicial previa, iranse detectando diferentes dificultades no referente a todos e cada un dos aspectos musicais tratados. Da mesma maneira, veremos as carencias ou necesidades especiais de certos alumnos; para eles hai que artellar actividades que axuden a desenvolver as actividades e coñecementos propostos. Podense encontrar entre estas actividades as seguintes: traballo con axuda específica do profesor, realización de partes musicais con medidas máis sinxelas, realización de ritmos con instrumentos de pequena percusión.

No caso dos exercicios de clase será necesario acompañar ós alumnos cunha atención específica axudándolles na medida do posible e incentivando a súa labor e capacidades de xeito que adquiren un certo grao de independencia dentro da aula.

Buscar recursos para que os alumnos con dificultades poidan integrarse no grupo, será función do profesor.

Unha aplicación máis flexible da programación será necesaria para eses alumnos con necesidades educativas especiais.

## TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Unha das funcións do sistema educativo é axudar e animar a lectura, e dentro da materia de música tamén queremos apoiar ese propósito. En anos anteriores púxose en práctica o plan lector de centro pero neste ano o Departamento de Música quere propor un medio diferente baseado no audiovisual no cal se realizarían lecturas de 20' que estarían baseados en videos con contido de texto e nos que se promovan valores, ideas a reflexionar sobre temas de actualidade: medioambientais, sociais, culturais... sempre coa presenza de música de fondo para que deste xeito a lectura e o seu fomento se vexan apoiadas e conxuntadas pola música e coa música. Os videos serán escollidos polo profesor sendo sempre de contidos educativos e visualizaranse en silencio dentro da aula nos días sinalados polo plan lector do centro.

## CONTRIBUCIÓNS Ó PLAN DE CONVIVENCIA

Dende o departamento de Música formentarase é incidirase no reforzo do PLAN DE CONVIVENCIA dende os seguintes aspectos:

- Educar na tolerancia e o respecto das opinións dos demais aínda cando estas non se correspondan cos nosos gustos ou preferencias.

- Practicar e pór en valor a atención e o respecto ó profesor valorando os seus consellos e apreciacións e comentando ou expresando ante el aqueles puntos cos que non estamos dacordo e que poden ser modificados para a súa mellora.

- Comprender e pór en práctica o respecto polos demais sabendo que coa nosa actitude podemos axudar a que entendan.

- Axudar e colaborar nas actividades de grupo integrándose no grupo e participando activamente.

- Axudar a que exista unha comunicación entre o alumnado e que isto o leve á resolución de posibles conflitos e desavenencias de xeito que aprendan a solventar estas problemáticas cos seus propios medios e exerciten así “a mediación” como un elemento imprescindible.

- Ser conscientes das palabras, expresións e actitudes que entorpecen o feito educativo e reconducilas de xeito que sexan proveitosas para a aula e os compañeiros.

## **PROXECTO TIC NA MATERIA DE MÚSICA**

- Na época que nos toca vivir, faixe imprescindible o uso e o coñecemento das novas tecnoloxías. Na era da informática e internet, o sistema educativo debe apoiar uso desas novas tecnoloxías.

- Tamén debe ser unha ferramenta para a educación do alumno: para recoller información, para completar temas dados na aula, para facer traballos que completen ou incluso formen parte da evolución do alumno.

- Dende a materia de música usarémolo da seguinte maneira:

- Buscar datos en internet.

- Propoñer un tema e buscar información na rede, axudando aos alumnos a discernir o que é información e o que é intoxicación, teoricamente falando.

- Creación de partituras, ou amosar pequena noção de como se pode escribir música en ordenador.

- Explicar como é un sistema de gravación de música en ordenador, incluso facendo gravacións na aula para que se escoiten.

- Estas actividades realizaranse nas aulas de informática as que dispoña o centro ou ben na aula de música, levando un ordenador con tarxeta de son e un proxector.

- Na aula o recurso informático é básico para un bo desenvolvemento da materia. Hai que ter en conta que internet ofrece unhas grandísimas posibilidades de información

- Concertos en directo, gravación de obras, páxinas web con datos- . Unhas das utilidades máis grandes é amosar aos alumnos certos instrumentos e gravación que o seminario de música non posúe, e que si pode sacar da rede.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Como medio para avaliar a propia programación teremos que ter en conta:

- O grado de cumprimento do exposto a nivel de contidos, temporalización, etc...

- A porcentaxe de alumnado que obten unha nota de aprobado, de xeito que se se dan casos de porcentaxes de aprobados inferiores a un rango comprendido entre 50% e 70% deberá facerse unha análise dos motivos e a xustificación dos mesmos. Asimesmo poderá estipularse como medida nestes casos a comparativa cos resultados de asignaturas semellantes á música, e dicir, do ámbito cultural ou artístico.

- A realización e mostra de traballos ou actuacións públicas será un medio para valorar o éxito das iniciativas emprendidas na aula.

| <b>I.E.S. ALLARIZ</b>     |                                                           |                           |                 |
|---------------------------|-----------------------------------------------------------|---------------------------|-----------------|
| <b>CURSO</b>              | <b>1º BACHARELATO CIENCIAS DA NATURALEZA E DA SAUDE E</b> | <b>CÓD</b>                | <b>BC10000</b>  |
| <b>ASIGNATURA</b>         | <b>1º LINGUAXE E PRACTICA MUSICAL</b>                     |                           |                 |
| <b>PROFESOR/A (ES/AS)</b> | <b>DANIEL A. IGLESIAS LOSADA</b>                          |                           |                 |
| <b>LIBRO DE TEXTO</b>     | <b>Título</b>                                             | <b>SEN LIBRO DE TEXTO</b> |                 |
|                           | <b>Autor</b>                                              |                           |                 |
|                           | <b>Editorial</b>                                          |                           | <b>ISBN</b>     |
|                           | <b>Data Autoriz.</b>                                      |                           | <b>x Galego</b> |

## **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A materia de Linguaxe e Práctica Musical concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.

A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques ("Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son"), que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan; refórzanse e desenvólvense mutuamente.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe. A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un

procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual. A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición. Todo isto poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical debe estar orientada a despertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada. O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto en que se produciron.

A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas.

## **CONTIDOS/ CRITERIOS DE AVALIACIÓN /ESTANDARES DE APRENDIZAXE/ COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Obxectivos do bacharelato: segundo o DOG 120 do 29/VI/2015

| Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                            |                                                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos                                                                                                | Contidos                                                                                                                                                                                                                                            | Criterios de avaliación                                                                                                                                                      | Estándares de aprendizaxe                                                                                                                                                                  | Competencias clave                                                     |
| Bloque 1. Destrezas musicais                                                                              |                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                            |                                                                        |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• i</li> <li>• m</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.</li> </ul>                                                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> </ul>              |
|                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul> |

| Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos                                                                                                                          | Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                                                                        | Estándares de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Competencias clave                                                                       |
| • ñ                                                                                                                                 | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>adquisición da técnica vocal.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                          |
|                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.</li> </ul>                                                                                                                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>                  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> <li>• n</li> <li>• ñ</li> </ul>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.</li> </ul>                                                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.</li> </ul>                                                                                                                                      | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CMCCT</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• ñ</li> <li>• p</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4. Interiorización do pulso.</li> <li>• B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.</li> <li>• B1.6. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica.</li> <li>• B1.7. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico.</li> <li>• B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCEC</li> </ul>                |
|                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.</li> </ul>                                                                                                                                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> </ul>                 |
|                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.</li> </ul>                                                                                                                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CCEC</li> </ul> |
| Bloque 2. A audición comprensiva                                                                                                    |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                                          |

| Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato                                                                         |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                           |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos                                                                                                             | Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Criterios de avaliación                                                                                                                                                                                              | Estándares de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Competencias clave                                                                                                        |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• n</li> <li>• ñ</li> </ul>                                        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.</li> <li>• B2.2. Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.</li> <li>• B2.3. Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.</li> </ul>                                                                                                                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> </ul>                                                  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• i</li> <li>• n</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.</li> <li>• B2.5. Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.</li> <li>• B2.6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas</li> </ul>                                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.</li> <li>• LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.</li> <li>• LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.</li> <li>• LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCEC</li> </ul> |



| Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                           |
|---------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos                                                                      | Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Criterios de avaliación                                                                                                                                                                       | Estándares de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                              | Competencias clave                                                                                                        |
|                                                                                 | <p>instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.7. Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.</li> <li>• B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.</li> <li>• B2.9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.</li> <li>• B2.10. Transcripción de esquemas harmónicos das obras escoitadas.</li> </ul> |                                                                                                                                                                                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.</li> </ul>                                                                                                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>                                                   |
| <b>Bloque 3. A teoría musical</b>                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                                                                                           |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• i</li> <li>• n</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.</li> <li>• B3.2. Coñecemento das grafías e dos tempos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.</li> <li>• B3.3. Aproximación ás grafías</li> </ul>                                                                                                                                                                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os tempos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os tempos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.</li> <li>• LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> </ul> |

| Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                         |
|------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos                                     | Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Criterios de avaliación                                                                                                                                                                             | Estándares de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                                                                                     | Competencias clave                                                                                                                      |
|                                                | contemporáneas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                         |
| • i<br>• n                                     | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica.</li> <li>• B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos das danzas e das</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.</li> </ul>                                                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.</li> <li>• LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.</li> <li>• LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul> |
|                                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.</li> <li>• B3.7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.</li> <li>• B3.8. Coñecemento da ornamentación musical.</li> <li>• B3.9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.</li> <li>• B3.10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.</li> </ul> |                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                         |
| <b>Bloque 4. A creación e a interpretación</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                                                                                                         |
| • c<br>• d<br>• i<br>• l<br>• m<br>• n         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou temario e as súas variantes.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.</li> </ul>                                                                                                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> </ul>                                                                               |
| <p>Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.</p>                                                                                                                                                                                                                                                              | <p>2 sesións</p>                          | <p>Coñecemento das grafías musicais propias da</p>                                                                                                                                                                                                                                                                    | <p>Análise de diferentes partituras</p>                                                                                                                                                                    |

|                                                                                                                                                                                                                             |           |                                                                                                          |                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                                                             |           | música contemporánea.                                                                                    | contemporaneas e posterior audición.                                |
| Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.<br>-----<br>Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.<br>-----<br>Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. | 3 sesións | Coñecemento das grafías musicais e dos diferentes signos contidos e empregados en diferentes partituras. | Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. |

#### **BLOQUE 4 : CREACIÓN E INTERPRETACIÓN**

|                                                                                                                                                                                                                      |                      |                                                                                                                       |                                                                                                                                                             |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.                                                                                  | 3 sesións            | Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes. | Creación de patróns rítmico melódicos por medio da voz ou de instrumentos en compases binarios, ternarios e cuaternarios.                                   |
| Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. | 3 sesións            | Realización de improvisacións, tanto individual como colectiva, de breves melodías.                                   | Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías                                                                                          |
| Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.<br>-----<br>Mantén unha actitude positiva                                                             | Durante todo o curso | Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.        | Practica de memorización de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.<br>-----<br>Realización de diferentes obras ó |

|                                                                                                                                                                                        |                              |                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>ante a música e os compañeiros.</p> <p>-----</p> <p>Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</p> <p>-----Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</p> |                              |                                                                                                                                                        | <p>longo do curso que deben ser memorizadas.</p> <p>-----Práctica do coidado e do mantemento dos instrumentos mediante o bo uso dos mesmos e a posta en valor dos recursos materiais dos que se dispoñen.</p>                                                                      |
| <p>Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.</p>                                                                               | <p>Durante todo o curso</p>  | <p>Cantar axeitadamente e tendo en conta as actividades previas de vocalización e a súa posterior utilización durante o canto das obras a ensaiar.</p> | <p>Entoación e traballo sobre obras vocais.</p> <p>-----</p> <p>Recursos técnicos aplicados ás obras vocais.</p>                                                                                                                                                                   |
| <p>Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.</p>                                                                                                     | <p>Durante todo o curso</p>  | <p>Actitude positiva de cara ós compañeiros e cara á asignatura.</p>                                                                                   | <p>Practica do respecto polos demais nas sesións prácticas e tamén cando se emiten opinións diferentes á propia.</p> <p>Práctica da tolerancia. Defender e debatir sobre posturas contrarias á propia de xeito que aprendamos a ver, coñecer e aceptar as opinións dos demais.</p> |
| <p>Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.</p>                                                                                                  | <p>4 sesións</p>             | <p>Crear obras musicais tendo en conta todo o aprendido durante o curso.</p>                                                                           | <p>Creación de pequena obras aplicando os conceptos aprendidos.</p>                                                                                                                                                                                                                |
| <p>Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.</p>                                | <p>Durante todo o curso.</p> | <p>Actitude correcta durante a interpretación, ben como ouviente ou como intérprete.</p>                                                               | <p>Asistencia a concertos públicos</p> <p>Realización de actos musicais de público participando como intérpretes.</p>                                                                                                                                                              |
| <p>Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.</p>                                                                                                                 | <p>Durante todo o ano.</p>   | <p>Capacidade para tocar en público ben individualmente como en grupo.</p>                                                                             | <p>Realización e participación en concertos públicos.</p> <p>-----</p> <p>Técnicas de autocontrol, respiración ...</p>                                                                                                                                                             |
| <b>BLOQUE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS Ó SON</b>                                                                                                                                        |                              |                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <p>Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.</p>                                                                    | <p>8 sesións</p>             | <p>Nocións de acústica do son.</p> <p>Hardware e software musical: tarxetas de son....</p> <p>Usos dos soportes para</p>                               | <p>Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.</p>                                                                                                                                                                                  |



|                                                                                                                                                                                              |           |                                                                                                                                           |                                                                                                                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                                              |           | gravación e edición do son.                                                                                                               |                                                                                                                                       |
| Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. | 6 sesións | Realización de sonorizacións e gravacións así como do manexo e manipulación das novas tecnoloxías musicais: editores, multipistas, etc... | Realización de gravacións e traballos baseados no emprego das novas tecnoloxías.<br><br>Composicións empregando os instrumentos MIDI. |

## CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN

### Primeira Avaliación

#### UNIDADE 1

#### Contidos

- Os órganos e as funcións do aparello fonador
- Exercicios de respiración, vocalización, articulación, axilidade e fraseo.
- Percepción, identificación e transcripción do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.
- A linguaxe musical: grafías, fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.
- O dictado rítmico, e o dictado melódico. Formulas sinxelas binarias, ternarias e cuaternarias de dificultade crecente.
- Practica instrumental: realización vocal ou instrumental de pezas contemporaneas.
- Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.
- Recoñecemento dos estilos de épocas antigas: a música medieval.
- Práctica de diferentes obras musicais de diferentes periodos, tanto vocais como instrumentais.

#### Obxectivos

- Coñecer e comprender o funcionamento do aparato fonador
- Comprender e empregar correctamente a respiración diafragmática e o modo

correcto de impostación da voz, así como empregar exercicios sinxelos de vocalización.

- Coñecer e empregar de forma correcta as grafías para a representación do son e ser capaz de distinguilos en dictados rítmicos sinxelos.
- Ser capaz de realizar transcripcións sinxelas de dictados rítmicos e melódicos.
- Empregar de forma axeitada os propios recursos vocais e ser consciente das propias necesidades vocais
- Disfrutar da práctica instrumental e vocal tendo en conta o papel que xoga a propia interpretación e expresividade.
- Ser capaz de facer lecturas rítmicas e melódicas de nivel interedio.
- Comprender o poder da música como medio transmisor de emocións e afectos e ser quen de identificar os elementos musicais que interveñen neste proceso.
- Ser capaz de leer e interpretar con soltura obras de diferentes períodos con diferentes instrumentos individualmente e en conxunto.

### **Procedementos**

- Identificación das partes do aparato fonador en diversos diagramas
- Práctica de diversos exercicios de capacidade torácica e de respiración diafragmática.
- Realización de exercicios de impostación de voz para evitar danos na voz
- Realización de pezas vocais coma “ Over the Rainbow”
- Propostas de audición para identificar e clarificar as expresións contidas nunha determinada música.
- Práctica de diversos dictados melódicos e rítmicos

### **Actitudes**

- Valorar a importancia da voz e do seu coidado
- Valorar o control da respiración baixa ( diafragmática ) como medio para o control da voz así como ser consciente da importancia que xoga isto no proceso de cantar.
- Valorar e comprender a importancia da grafía musical como medio universal de comunicación e como fonte de unión intercultural
- Valorar a música popular como fonte de riqueza dun pobo.
- Ter unha actitude boa de cara a expresión vocal e instrumental intentando mellorar día a día.
- Valorar a música como medio de expresión de sentimentos e como medio de comunicación de emocións

## **UNIDADE 2**

### **Contidos**

- A vocalización: entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos,

harmónicos, arpejos ou acordes.

- Linguaxe musical II : intervalos, tonalidade, escalas, modos maior e menor e características destacadas. Identificación de tonalidades en exemplos precisos.
- Dictados rítmicos e melódicos de dificultade crecente.
- Grafías e termos relativos á expresión musical, dinámica, tempo, agónica, articulación.
- Práctica instrumental e vocal de obras clásicas e contemporáneas.
- Interpretación memorizada de obras e fragmentos musicais vocais: con ou sen acompañamento.
- Recoñecemento dos estilos de épocas antigas: o renacemento.
- Práctica musical con diversas obras modernas e tamén propias do repertorio clásico.

### **Obxetivos**

- Ser capaz de cantar pezas de xeito individual e colectivo de xeito satisfactorio coa entoación e afinación adecuadas.
- Comprender a noción de tonalidade e modalidade e ser capaz de identificar estas nocións nunha partitura.
- Identificar e clasificar de xeito claro, intervalos, tonalidades, modos e escalas.
- Transcribir fragmentos rítmicos e melódicos sinxelos e con dificultade crecente.
- Coñecer e comprender as grafías propias da expresión musical, o modo en que se expresan e o seu significado e simboloxía.
- Memorizar fragmentos musicais e interpretalos de xeito satisfactorio.
- Recoñecer os procesos musicais propios do período do Renacemento e identificar audicións relacionadas con este período.
- Ser capaz de leer e interpretar con soltura obras de diferentes períodos con diferentes instrumentos individualmente e en conxunto.

### **Procedementos**

- Realizar cancións de forma conxunta en diversos estilos e buscando sempre a mellora do grupo e individual.
- Realización de exercicios teóricos en relación coas tonalidades e analizar estes aspectos en obras concretas.
- Memorizar e cantar fragmentos cada vez máis amplos e diversos.
- Realización de dictados rítmicos de dificultade crecente e saber transcribilos

adecuadamente.

- Correxir e analizar exemplos de dictados por medio de audicións e ver se a escritura é correcta ou non

### **Actitudes**

- Valorar o feito de cantar en grupo e ser capaz de afrontar unha práctica vocal de xeito colectivo e individual sendo consciente da aportación que un mesmo realiza ó grupo.
- Valorar a importancia do coñecemento de figuras como medio para a transcripción de partituras.
- Valorar os elementos musicais: intervalos, tonalidades como medio para a construción de fragmentos ou obras musicais.
- Apertura e tolerancia de cara ás músicas propostas na unidade, aínda que estas non se correspondan cos propios gustos.

### **Segunda Avaliación**

## **UNIDADE 3**

### **Contidos**

- Práctica da lectura melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta e da escritura tanto melódica como harmónica.
  - A clave de Fa en 4ª liña. Lectura e práctica de fragmentos de dificultade crecente.
  - A textura musical: tipos de textura e identificación visual e auditiva.
  - Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais que teñen como fundamento a linguaxe da música culta.
  - Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías.
  - Respaso de dictados melódicos e rítmicos. Introducción e práctica ó dictado rítmico melódico.
  - Recoñecemento dos estilos de épocas antigas: o barroco ( o cifrado armónico e a ornamentación )
  - Práctica musical con diversas obras modernas e tamén propias do repertorio clásico.

### **Obxetivos**

- Ser capaz de ler con soltura fragmentos melódicos en clave de sol e de fa en 4ª liña.
  - Diferenciar as texturas que poden aparecer en diferentes obras e ser capaz de comprendelas e identificalas visual e auditivamente.
  - Improvisar fragmentos ritmico melódicos baseados en estruturas sinxelas.
  - Identificación de elementos constitutivos dunha obra musical: ritmo, harmonía, textura, tonalidade, modalidade, acordes, modulacións...
  - Recoñecer os procesos musicais propios do periodo do Barroco e identificar audicións relacionadas con este periodo.
  - Comprender a nocións de baixo continuo e a súa importancia no Barroco.
  - Identificar a ornamentación, tanto nas súas diferentes formas de presentación en partituras como a súa codificación para a interpretación.
- Ser capaz de leer e interpretar con soltura obras de diferentes periodos con diferentes instrumentos individualmente e en conxunto.

### **Procedementos**

- Practica da lectura en diversos fragmentos ou partituras escritos en clave de Fa en 4ª liña.
- Identificación de dictados rítmico melódicos e anotación dos mesmos en clave de Fa en 4ª liña.
- Realización de pequenas improvisacións vocais dentro do marco dunha obra con retrouso.
- Identificación e análise de acordes, motivos rítmicos, fragmentos melódicos sinxelos, tonalidades etc...
- Escritura de exemplos sinxelos baseados na anotación de cifrado para baixo continuo. Modelos de escritura relacionados con mesmo sistema tales como as anotacións jazzísticas actuais.
- Análise auditivo de diferentes obras do Barroco.
- Estudo e análise de partituras e da ornamentación principalmente ligada ó periodo desta unidade, o Barroco.

### **Actitudes**

- Valorar os novos conceptos aprendidos como medio de enriquecemento e comprensión nun plano maior, da música e dos seus fundamentos compositivos.
- Manter unha actitude de tolerancia con aquelas músicas que son diferentes e novedosas.
- Actitude de interese pola aprendizaxe da música e a súa linguaxe.

## **UNIDADE 4**

### **Contidos**

- Coñecemento das normas de escritura melódica
- Cadencias principais e principais esquemas armónicos.
- Repaso e aplicación na análise dos conceptos propios da linguaxe musical: escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.
- Recoñecemento dos estilos de épocas antigas: o Clasicismo.
- Dictados rítmico melódicos de crecente dificultade.
- Practica musical con diversas obras modernas e tamén propias do repertorio clásico.

### **Obxetivos**

- Ser capaz de escribir fragmentos melódicos de dificultade crecente.
- Coñecer os principais tipos de cadencias empregados na música clásica
- Aplicar na análise de partituras e empregar nas propias composicións os elementos básicos da linguaxe musical: escalas, tonalidades, intervalos, modalidade...
- Recoñecer os procesos musicais propios do periodo do Clasicismo e identificar audicións relacionadas con este periodo.
- Recoñecer e transcribir dictados rítmico melódicos de dificultade crecente.
- Ser capaz de leer e interpretar con soltura obras de diferentes periodos con diferentes instrumentos individualmente e en conxunto.

### **Procedementos**

- Práctica da improvisación e da escritura posterior de fragmento ideados polo alumno.
- escoitar e identificar os principais tipos de cadencias, de xeito aislado e posteriormente en fragmentos concretos de obras.
- Creación de escalas e melodias baseadas nas mesmas así como de acompañamentos sinxelos baseados en patróns de tónica, subdominante e dominante.
- escoitar e analizar a música propia do periodo Clásico así como as bases da música desa época.
- Realizar dictados rítmico-melódicos incluíndo figuración complexas, síncoas e contratempos.

### **Actitudes**

- Respetar os procesos creativos dos demais así como as diferentes opinións que

poidan xurdir durante as clases.

- Valorar os periodos propios da historia da música e ser consciente da súa aportación e logros conseguidos e que seguen vixentes nas musicas actuais.
- Ser consciente e valorar a propia capacidade creadora e a dos demais como forza de innovación.
- Valorar e desenvolver as propias habilidades e as dos demais como medio para levar a cabo os procesos creativos.
- Actitude de colaboración nos traballos conxuntos realizados con outros compañeiros da clase.

### Terceira Avaliación

## **UNIDADE 5**

### Contidos

- Repaso da linguaxe musical e dos seus conceptos referentes a estruturas armónicas e tipos de acordes así como de outros conceptos xa aprendido en unidades anteriores.
- Estilos: Blues, rock, pop, rap, heavy, música electrónica, heavy e algúns dos subestilos predominantes coma o hard rock, rock progresivo etc...
- Identificación de audicións e estilos baseándose nas características propias de cada estilo ou tendencia.
- Recoñecemento dos estilos de épocas antigas: o Romanticismo
- Dictados rítmico melódicos de crecente dificultade.
- Práctica musical con diversas obras modernas e tamén propias do repertorio clásico.

### Obxetivos

- Diferenciar as diferentes tendencias da música popular e as súas diferentes manifestacións.
- Distinguir de xeito claro as diferentes características e señas de identidade das diversas manifestacións musicais da música popular: heavy, rock, blues...
- Comprender as estruturas armónicas propias de composición sinxelas e algunhas máis complexas que incorporen outros acordes e pequenas modulacións.
- Coñecer e identificar os rasgos propios da música do romanticismo así como os principais compositores.
- Ser capaz de leer e interpretar con soltura obras de diferentes periodos con diferentes instrumentos individualmente e en conxunto.

- Transcribir, leer, tocar e entonar dictados rítmicos con soltura.

### **Procedementos**

- Realización de audicións con análise das mesmas e identificación dos elementos constitutivos destas composicións así como dos rasgos distintivos.
- Comparación de diversos fragmentos auditivos para distinguilos e ubicalos correctamente na tendencia que lle é propia.
- Realización de esquemas armónicos sinxelos que poidan ser comprendidos e tocados polo alumnado
- Elaboración de esquemas armónicos propios.
- Coñecer as características musicais do Romanticismo e saber identificalas nunha audición.
- Realización de probas de dictado rítmico, así como corrección de fragmentos e posterior execución práctica por medio de instrumentos sinxelos.

### **Actitudes**

- Valorar e coñecer os elementos da linguaxe musical e ser consciente do modo en que se empregan nos procesos compositivos.
- Valorar as diferentes manifestacións musicais dos diferentes periodos deixando a un lado os gustos persoais.
- Respeto e tolerancia polos diferentes gustos musicais que poidan ter os compañeiros.

## **UNIDADE 6**

### **Contidos**

- As novas tecnoloxías na música: estudos de grabación
- Informática musical: edición de partituras por medio de musescore.
- Grabación e edición de audio en programas coma Cubase.
- Participación en actos e sonorización de eventos: pautas básicas.
- Recoñecemento dos estilos de épocas antigas: o século XX.
- Lectura e interpretación con soltura de obras de diferentes periodos con diferentes instrumentos individualmente e en conxunto.

### **Obxetivos**

- Comprender e utilizar as novas tecnoloxías no ámbito da escritura e grabación musical, así como da edición de audio.
- Ser capaz de editar partituras musicais empregando programas como musescore ou finale



- Comprender o funcionamento dun estudio virtual de grabación e realizar grabacións por pistas empregando software coma cubase ou outros programas.
- Sonorizar eventos musicais empregando pequenos e sinxelos equipos.
- Recoñecer e diferenciar doutros periodos musicais os estilos musicais propios do século XX no ámbito das vangardas.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e a interpretación de obras de diferentes periodos musicais, ben sea esta individual ou en conxunto.

### **Procedementos**

- Realización de clases nas que se explique o funcionamento de software de grabación e edición de partituras: cubase, finale, musescore, audacity, etc...
- Realización de traballos de grabación e edición de audio así como de manexo e funcionamento de instrumentos MIDI.
- Sonorización de diversas actuacións musicais no centro e realización de prácticas referentes a este tema coa axuda do profesor.
- Realización de audicións e comentario das mesas para axudar a diferenciar periodos musicais.
- Lectura e entonación de obras a primeira vista, partindo de obras sinxelas e incrementando a dificultade ata lograr un bo nivel de lectura a primeira vista.

### **Actitudes**

- Actitude receptiva de cara ás novas tecnoloxías e ó traballo coas mesmas.
- Valorar a aportación tan grande que as novas tecnoloxías están a facer no campo da música e en especial no eido da composición.
- Receptividade e colaboración na realización de traballos en grupo.
- Tolerancia e respecto polas opinións dos demais.
- Actitude crítica cos propios traballos e logros e vontade de superación.
- Actitude de silencio durante as audicións.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.
2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.
3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.
4. Recoñecer autidivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento

periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.

5. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas.

6. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.

7. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.

8. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.

9. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves, melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.

10. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.

11. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.

12. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.

13. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Realización de traballos e actividades de aula que serán requeridos ós alumnos, debendo estar, no caso das actividades de aula debidamente corrixidas e subsanadas nos seus erros así coma debidamente presentadas. Isto contribuirá, se os exercicios están debidamente realizados, ata nun 10% da nota da avaliación.

- Realización exames sobre a materia explicada así como un exame de avaliación que comprenderá todo o dado ata o momento e que terá o valor dun 45% da nota.

- Realización de exames prácticos e de dictado rítmico que contribuirán nun 45% o resultado da nota da avaliación.

## **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Existirán dous ambitos diferenciados:

\* O ámbito teórico ( cun valor final na nota de avaliación de 45%)

\* O ámbito práctico ( cun valor final na nota de avaliación de 45% )

\* O 10% retante será valorado do seguinte xeito: tarefas de aula, caderno de traballo , presentación de exercicios e material de clase: partituras e apuntes para a clase así como instrumentos )

- Cada un dos ámbitos teórico e práctico, considerarase **como independente** e deberá ser superado cunha calificación **media superior a 5**.

- Dentro de cada ámbito, non se fará media cunha calificación inferior a 4 e a media resultante entre os diferentes exames dun ámbito deberá superar a calificación de 5, segundo o dito no parágrafo anterior.

- No caso dos exames escritos os erros ortográficos e a expresión escrita, poderán ser penalizados segundo o estipulado no Departamento de Lingua Galega, excepto naqueles casos nos que o alumno non sexa pertencente á Comunidade Autónoma Galega ou teña exención de Lingua Galega. Nestes casos axudaráselle ó alumno a acadar unha expresión adecuada ( no caso de que se incorpore dende outra Comunidade Autónoma ) \* Os erros ortográficos, no caso de repetirse, soamente serán computados unha soa vez.

-No caso dos exames teóricos a valoración das preguntas será en función do estipulado en cada pregunta dos exames segundo o traballado e correxido na aula.

- No caso dos exames prácticos realizarase unha grabación do alumno na que se valorarán a expresión musical, a destreza e o traballo realizado polo alumno...

- Un xeito “orientativo” para avaliar dita proba será este cadro:

|                         |                                                                       |
|-------------------------|-----------------------------------------------------------------------|
| <b>Puntuación de 10</b> | Sen erros de medida e interpretación. Expresa correctamente e frasea. |
| <b>Puntuación de 9</b>  | 1 erro breve. Interpreta ben e expresa correctamente.                 |
| <b>Puntuación de 8</b>  | De 2 a 3 erros breves. Interpreta ben e expresa.                      |
| <b>Puntuación de 7</b>  | De 2 a 3 erros.                                                       |
| <b>Puntuación de 6</b>  | 4 erros claros ( erros de medida, posicións )                         |
| <b>Puntuación de 5</b>  | Maís de 5 erros claros ( medida e posicións )                         |
| <b>Puntuación de 4</b>  | 6 erros de medida e posición                                          |
| <b>Puntuación de 3</b>  | 8 erros                                                               |

|                        |                                |
|------------------------|--------------------------------|
| <b>Puntuación de 2</b> | 10 erros                       |
| <b>Puntuación de 1</b> | Intenta tocar e fai algo.      |
| <b>Puntuación de 0</b> | Non presenta nada nin intenta. |

## **RECUPERACIONES**

- O alumno que teña suspensa a avaliación presentase os exames de recuperación pertinentes, que serán: un para aqueles persoas que teñan suspendido por causa da parte teórica, e o outro para aquelas que suspendan por parte práctica. Aqueles que teñan suspensas ámbalas dúas partes presentaranse ós dous exames (teórico e práctico ) coa materia correspondente a cada parte. Aqueles que suspenderan por traballo de aula deberán presentar a libreta na data indicada con todos os traballos correspondentes á avaliación completados.

- Os alumnos que se presenten a recuperación e deberán cumprir cos requisitos anteriormente estipulados para acadar o aprobado na asignatura.

## **PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

En primeira instancia e tendo en conta que non coñecemos o nivel do alumnado, procederase a posta en práctica dunha serie de probas para coñecer o nivel do alumnado. Estas probas serán de dous tipos:

- A) Probas prácticas: lectura e entoación.
- B) Probas teóricas para ter en conta o nivel de coñecementos do alumno.

Poderase así mesmo realizar unha serie de preguntas individuais na aula a modo de examen de coñecementos. Despois de ter detectado o nivel de cada alumno procederase ó normal desenvolvemento do curso tal e como se ten especificado na presente programación e segundo os contidos estipulados.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Á hora de cualificar teranse en conta nas diferentes probas os seguintes elementos:

### **A) PROBA TEÓRICA E TRABALLOS PRESENTADOS**

- Se o alumno resposta con concreción ás preguntas realizadas.
- Se a expresión é correcta e clara.
- Se introduce termos propios da linguaxe musical que foron previamente

- explicados e que debe aprender a empregar.
- Se presenta adecuadamente os traballos e as probas.

## B) PROBAS PRÁCTICAS

- Se o alumno é capaz de facer unha lectura rítmica da peza examinada
- Se coñece e é capaz de solfexar a partitura.
- Se é capaz de entoar e medir correctamente.

## **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE**

Os alumnos coa materia pendente realizarán e entregarán os exercicios esixidos polo profesor de forma periódica e segundo os prazos establecidos previamente. Isto será valorado positivamente polo profesor de cara á avaliación do alumno. Ademais disto, realizaránselle unha serie de exames para determinar se o alumno ten o nivel adecuado para aprobar a asignatura. As normas de calificación son a mesma que o resto do alumnado do mesmo curso e deberán por tanto acadar os mesmos obxetivos. Se non entregaran os traballos requiridos enfrentaríanse a un único exame final que reuniría todos os contidos presentes ó longo do curso incluídas as actividades recollidas ó longo do ano. Pode ademais facerse un seguimento do alumno na aula no caso de que se atope nun curso superior para ver o avance que ten nese curso na mesma materia que está pendente, aproveitando así dita situación para reforzar aqueles contidos que teñen que ver coa materia do curso anterior. Poderase tamén reforzar ditos contidos con sesións teóricas e prácticas que terían lugar en horario de mércores pola tarde e sempre de forma eventual.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Empregaránse para as clases as coleccións de música de que se dispoñen no instituto, o material Orff co que se complementará as explicacións teóricas sobre o tema a dar. Será tamén necesario realizar unha serie de traballos acerca de músicos que están a estudar ou de períodos históricos de certa relevancia. Estes traballos serán expostos na clase.

Os materiais cos que se conta na aula son:

- Pizarra de pentagramas
- Colección de discos Oceano Música
- Cadea Musical ( CD, Cassette, Radio )
- Grabadoras ( 3 )
- Instrumentos musicais Orff ( xilofonos, metalofonos, carillóns, claves, maracas, triángulo, pandeiros, flautas, timbais escolares, etc...)

- Piano
- Guitarras
- Flautas contralto

### **TEMAS TRANSVERSAIS**

- Educación para a paz.
- Educación para un consumo responsable
- Educación para o respecto e conservación da natureza.
- Educación para respecto e a igualdade entre pobos, razas, etnias e sexos.

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Dentro das actividades complementarias que se poderan realizar ó longo do curso inclúense as seguintes:

- Poderase acudir a un ou varios **Concerto didácticos** dentro da nosa comunidade, coa intención de fomentar o interese do alumnado por este tipo de manifestacións culturais e tamén para ampliar o seu coñecementos no que se refire a Concertos e espazos públicos ( Auditorios ) nos que se veñen realizando as diferentes programacións musicais de xeito regular.

- Visita á **Radio de Allariz**, casa da mocidade para visualizar os lugares de ensaio e de realización de actividades radiofónicas puidéndose dar se as condicións o permiten a visualización e coñecemento de como se realiza un programa de radio.

### **PROXECTO TIC NA MATERIA DE MÚSICA**

Na época que nos toca vivir, faixe imprescindible o uso e o coñecemento das novas tecnoloxías. Na era da informática e internet, o sistema educativo debe apoiar uso desas novas tecnoloxías.

Tamén debe ser unha ferramenta para a educación do alumno: para recoller información, para completar temas dados na aula, para facer traballos que completen

ou incluso formen parte da evolución do alumno.

Dende a materia de música usarémolo da seguinte maneira:

- Buscar datos en internet.
- Propoñer un tema e buscar información na rede, axudando aos alumnos a discernir o que é información e o que é intoxicación, teoricamente falando.
- Creación de partituras, ou amosar pequenas noción de como se pode escribir música en ordenador.
- Explicar como é un sistema de gravación de música en ordenador, incluso facendo gravacións na aula para que se escoiten.

Estas actividades realizaranse nas aulas de informática as que dispoña o centro ou ben na aula de música, levando un ordenador con tarxeta de son e un proxector.

- Na aula o recurso informático é básico para un bo desenvolvemento da materia. Hai que ter en conta que internet ofrece unhas grandísimas posibilidades de información

Concertos en directo, gravación de obras, páxinas web con datos- . Unhas das utilidades máis grandes é amosar aos alumnos certos instrumentos e gravación que o seminario de música non posúe, e que si pode sacar da rede.

## **CONTRIBUCIÓN S Ó PLAN DE CONVIVENCIA**

Dende o departamento de Música formentarase é incidirse no reforzo do PLAN DE CONVIVENCIA dende os seguintes aspectos:

- Educar na tolerancia e o respecto das opinións dos demais aínda cando estas non se correspondan cos nosos gustos ou preferencias.
- Practicar e pór en valor a atención e o respecto ó profesor valorando os seus consellos e apreciacións e comentando ou expresando ante el aqueles puntos cos que non estamos dacordo e que poden ser modificados para a súa mellora.
- Comprender e pór en práctica o respecto polos demais sabendo que coa nosa actitude podemos axudar a que entendan.

- Axudar e colaborar nas actividades de grupo integrándose no grupo e participando activamente.
- Axudar a que exista unha comunicación entre o alumnado e que isto o leve á resolución de posibles conflitos e desavenencias de xeito que aprendan a solventar estas problemáticas cos seus propios medios e exerciten así “a mediación” como un elemento imprescindible.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Como medio para avaliar a propia programación teremos que ter en conta:

- O grado de cumprimento do exposto a nivel de contidos, temporalización, etc...

- A porcentaxe de alumnado que obten unha nota de aprobado, de xeito que se se dan casos de porcentaxes de aprobados inferiores a un rango comprendido entre 50% e 70% deberá facerse unha análise dos motivos e a xustificación dos mesmos. Asimesmo poderá estipularse como medida nestes casos a comparativa cos resultados de asignaturas semellantes á música, e dicir, do ámbito cultural ou artístico.

- A realización e mostra de traballos ou actuacións públicas será un medio para valorar o éxito das iniciativas emprendidas na aula.



